XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ARMANDO COTAREL VALLEDOR

(1879-1950)

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1984

ADEMIA
EGA
RUÑA
107
teca

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
35107
Biblioteca

Donativo do Sr. Dónega
R 5672

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT INNOVAT

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ARMANDO COTARELO VALLEDOR

(1901-1980)

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1984

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ARMANDO COTARELO VALLEDOR

(1879 - 1950)

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1984

Depósito Legal: VG. 133 - 1984

I.S.B.N.: 84 - 500 - 9993 - X

DR. ARMANDO COTARELO VALLEDOR
(1879 - 1950)

PRÓLOGO

Escudo do pazo de Valledor en Castropol

ARMANDO COTARELO VALLEDOR

Cotarelo Valledor, unha das figuras cimeiras da nosa cultura na primeira mitade deste século, é benmerecente da adicación do "Día das Letras Galegas". Xa no centenario da súa nacencia puxemos de resalte o que sinifica como mestre e guieiro dunha xenia de discípulos; como escritor, no enriquecimento da fala; como investigador dela, da historia e das ciencias e mesmo como cultivador das artes. Verdadeiro polígrafo, ensinounos a crebar as sebes da especialización para interesarnos en tódalas facetas da vida e do espírito.

O MESTRE

O blasón dos Cotarelo campea en casas fidalgas do Occidente das Asturias, tan galego en paisaxe e fala. Era fillo do erudito don Emilio Cotarelo y Mori; por parte da nai, dona Cándida Valledor Arango, viña dunha liñaxe da Veiga de Castropol, onde os seus an-



O pazo dos Valledor en Vegadeo. Dibuxo de P. Millán

tergos fixeran importantes fundacións docentes. Nacera en Vegadeo o 28 de nadal do 1879. Cursou Filosofía e Letras na Universidade Complutente, entón chamada "Central". Doctorouse, cun tema achegado ás letras medievais galegas. Ós vintecatro anos acada a Cátedra de "Lengua e Literatura Española" na "alma mater" compostelana.

A súa chegada a Galicia coincide co auxe das xeracións de eruditos que encarnan Murguía e Martínez Salazar na Coruña, Marcelo Macías en Ourense, Amor Meilán en Lugo, Sampedro en Pontevedra, Amor Ruibal e López Ferreiro en Compostela. Cos homes da "Galicia Histórica" laboura na grande "Exposición Regional" do 1909, que abriu tantos camiños á galeguidade. Mortos o autor da "Historia" da Catedral e o seu inmediato seguidor Oviedo Arce, namentras o P. Atanasio López traballa no seu retiro de Valdediós, Cotarelo axunta unha rolda de continuadores na revista "Ultreya", no 1919.

A súa presencia e a de outros mestres, moi mozos, renova a fondo a vida universitaria santiaguesa. E non somentes en miudezas indumentarias e de comportamento: Cotarelo foi reprendido por unha sumidade local cando se permitíu usar zapatos de coor. Trocara a

solene "chistera" pola "pajilla". Non ía de toga á cátedra. Bermejo e máis el foran alpurnados por montar en bicicleta, expoñéndose á rexouba e a accidentes como o que sofriron en Pontesampaio. O trascendental era que se trocara o estilo. Abríanse as casas dos mestres ós alunos. Na súa, dona María Botana, a dona ca que casara en Compostela, acollíanos con familiar xentileza. As clases eran curtas e moi eficaces, as conversas, longas, peripatéticas por claustros e rúas, co mestre "estando al poste", coma nos mellores tempos das vellas Escolas. Os ensinios alongábanse fora das aulas en conferencias, asambleas, congresos e mesmo en mitins. En sociedades denantes somentes "recreativas" podían escoitarse leccións memorables, crebada a tradición da grandilocuencia —que, por outra parte, Cotarelo sabía desplegar en ocasións solenes— por un cordial coloquio docente, con gratos tintes de ironía.

En canto á formación, os vellos "Programas" de asignatura, esquemáticos e pensados para a esixencia enxaminadora, memorística, e non na orientación informadora, eran sustituidos por verdadeiras "guías" de traballo, modelos, as de Cotarelo, Rovira e Novoa Santos. A de don Armando, "Introducción al Estudio de la Literatura Española", cun plan moito máis cobizoso que a de Menéndez Pelayo, entón descoñecida, imprentábase cando apenas podíamos valernos



O pazo dos Valledor en Castropol. Dibuxo de P. Millán

"Extant adhuc per diversas Provincias in magnarum urbium ruinis parvae et pauperes aedes, signa miseriarum, et hominum indicia servantes: ex quibus nos quoque in Hispania Tarraconem nostram ad consolationem miseriae recentis ostendimus" (VII, 22)

S. Agustín "Nam inde ad nos usque ab Oceani littori properavit" (Carta a S. Jerónimo)

"Occasionem quippe cujusdam studiosissimi presbyteri Orosii, qui ibi nos ab ultima Hispania, id. est, ab occidentali littore.... advenit" (Carta a Evodio) epist. 69, num. 13

Orosio: "Tunc duo cives mei Avitus, et alius Avitus cum jam tam turpem confusionem'....
(Prefación al Commonitorium)

Avito - "Cujus mihi charitas et consolatio vestrum omnium praesentiam retulit" (Carta al clero y pueblo de Braga)

S. Braulio "Provincia namque, cujus incolitis et praecaua tibi originem defendit, quae magistra est litterarum et ingenii; et ex ea ortus fuisse recordamini elegantissimus et doctissimus vir, ut aliquos dicam Orosium presbyterum, Turibium episcopum, Idacium et Carterium laudate senectutis et sanctae eruditionis Pontificem" (Carta a S. Fructuoso, E. S. XXX)

Autógrafo de Cotarelo. Guión de unha conferencia sobre Orosio

de outras que as do ensaio de Elías de Molíns ou a "Bibliopraphy" de Fitmaurice-Kelly. (Daquela tiñamos tamén que usar como texto de base, para coñecer as letras españolas, os manuais feitos por extranxeiros).

O ACADÉMICO

Cotarelo viviu, dende moi cedo, a actividade académica. O seu pai foi membro moi destacado da Española, que o fixo Segredario Perpetuo no 1913, posto que ocupou deica a morte, no 1936. A nosa Academia elexiuno numerario o 17 de xuño do 1920, na vacante do poeta Salvador Golpe, a quen sucedera Núñez González que non chegara a tomar posesión; o mesmo ocurríu con don Armando, que cesou por ausencia cando, no 1929, foi nomeado Catedrático de "Lengua y Literatura Galaico-Portuguesa" na Universidade de Madrid. Fixeran a proposta tres persoeiros da vida intelectual santiaguesa: Barcia Caballero, Cabeza de León e Pérez Costanti. O discurso que se propoñía leer versaba sobre "Diego Cernadas e Castro, Primeiro Cura de Fruime".

No "Boletín" corporativo publicou: unha nota biográfica, de Pérez Ballesteros (1929), outra sobre "Periódicos Compostelanos" (1922), "Un incunable Compostelano" (1928), "Blasón Galaico" (1929) e unha letrilla galega de 1829 (1931).

Creada a "Sección Gallega" da Real Academia Española no 1929 foron elexidos numerarios pertescentes a ela Armando Cotarelo e Ramón Cabanillas. Fixo o seu ingreso disertando sobre o Almirante Trovador Paio Gómez Chariño, no mesmo ano. Participou en moitas actividades da Corporación, sobre todo no "Diccionario Histórico".

A "Real Academia de la Historia" elexiuno membro de Número no 1942. O seu discurso de ingreso, tamén de tema galego, versou sobre "Las Jornadas del Cardenal don Rodrigo de Castro".

Cando se formou o Instituto de España foi nomeado "Secretario Perpetuo". Adicou ó cárrego o entusiasmo que poñía en tódalas xeiras a que era chamado. Interveu en actos conmemorativos orgaizados polo "Instituto".

Entre outros galardóns académicos compre salientar o Premio "Berwick y Alba" que gañou no 1915 co estudo sobre "El Teatro de Cervantes".

O POLIGRAFISMO DE COTARELO

O feito de que os escolares o tivésemos por guieiro viña motivado, de unha banda por ter sido, en moito tempo, o único que exercía

tarefas de extensión universitaria na Facultade de Letras, reducida ás tres asignaturas do Preparatorio de Dereito, e, de outra, e sobre todo, polo xorne enciclopédico dos seus saberes e a habilidade vocacional que o levaba a cultivar eidos moi distantes da Filoloxía e que atraían a atención de sectores alongados. Nos mesmos días, namentras escribía unha novela, ensaiaba unha peza teatral e dibuxaba unhas arquitecturas, podía falar nunha cátedra de Ciencias do Cometa Halley, subir ó púlpito de San Francisco para dirixirse a unha "Asamblea de Terciarios" e explicar na cátedra a evolución das vogais tónicas. Escribín eu na súa necroloxía —morreu o 8 de nadal do 1950— que, por non ser en nada exclusivo, soupo armonizar o que os homes nos esforzamos moitas veces en facer antagónico, contra a mesma natureza das cousas: unidade e variedade, autoridade e libertade, tradición e renovación. Construía lonxe das "longas liortas" dos espíritos cativos. De el adeprendemos a deixar que a nosa alma vibre alí onde haxa algo eterno que gozar; o mesmo sexa o lirismo dos "Cancioneiros" que o verismo do "Cantar del Cid". Para el non foi incompatible ser un dos mellores cervantistas e o prosista galego de meirande léxico. Ufanábase de que os seus máis queridos discípulos fósemos Catedráticos de "Lengua y Literatura Española" sen deixar de ser fieis ó cultivo e ó estudo do idioma galego.

O "SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS"

Por elo, os mozos que o doce de outono do 1923 nos axuntamos na Casa do Castro de Ortoño para fundar o "Seminario de Estudos Galegos" escollímolo para que fose o noso primeiro Presidente. Foron os fitos de aquela laboría o esforzo, aceso polo amor á terra no anovamento dos métodos da investigación; no exercicio da fala no cultivo de tódolos xéneros e na ciencia; o manexo recto das fontes e na recollida de unha bibliografía sempre citada, sen noxentas ocultacións; na preparación de cédulas e plans; no xuntoiro en labouras colectivas; no achegamento "interáreas" das varias especialidades e "interxeracional" de vellos e novos... Esta foi a roita que se encetou baixo a súa dirección, e que mantiveron despois Cabeza de León, Luis Iglesias e Otero Pedrayo, de mans dadas cos homes do "Nós".

E cóntese que non foi soio a presentación semanal de traballos monográficos, o emprendimento de programas conxuntos e de xeiras comarcais, as edicións de libros, os "Arquivos"... senón o pulo que colleron entón dentro e fora da institución, os estudos de Galicia.

A fundación do Seminario coincidíu cun feito trascendente para Galicia: o establecimento das Seccións de "Filosofía y Letras" e de "Ciencias Físico-Químicas" como Facultades Universitarias. Non foi alleo á creación o mestre Cotarelo, e tivo decisivo influxo unha persoalidade santiaguesa á que debemos fonda gratitude, Luis Rodríguez Seoane.

A DEFENSA E ILUSTRACIÓN DA LINGUA GALEGA

Cotarelo traballa nos eidos do idioma galego no intre en que os intelectuais pasan do querer e da visión estética á ademiración polo apaixoante mecanismo interno, da súa anatomía, das súas funcións, dos avatares do seu desenrolo. Moito tardara en facerse froitosa a grande intuición do P. Sarmiento. Tras da liña que vai de Sobreira a Rodríguez, Valladares, Cuveiro e Saco e Arce, e ás xentes da "Academia Galega", agora coincidían o maxisterio de Menéndez Pidal, dende lonxe, e o cercano de García de Diego e de Cotarelo, ca actividade literaria dos mestres do "Nós" e dos mozos do "Seminario", a editorial de Carré e Casal, o fervor polémico das "Irmandades da Fala"...

Nos adiantos de aquelas décadas se non pode esquencer que os letrados e os licenciados en "Filosofía y Letras" que pasaran pola aula de Cotarelo tiñan unha actitude nova, reflexiva, diante a vida das verbas.

A "Fala" entraba con nós na Universidade, exaltábase na "Festa da Lingua Galega", tentaba derrubar, nas igrexas, nas tribunas, nos escenarios dos teatros a muradela de incomprensións que quixeran reducila a un "patois" doméstico.

A máis do exemplo que dou co seu vizoso emprego, sobre todo na vida universitaria, compre pór de resalte dúas liñas da súa actividade: unha a do estudo, levado tamén ás leccións e conferencias, recollido en monografías como "El Castellano en Galicia". Outra, o cultivo na creación literaria. Frente ós que quixeran confinar o exercicio da fala ás searas líricas, Cotarelo empregouno en tódolos xéneros, como Otero e Risco, como Castelao e Cabanillas.

O seu galego foi adeprendido nas ribeiras do Eo, en Compostela, en Boimorto, en Vilaxoán... Poucos terán camiñado por Galicia co ouvido máis desperto e a pluma máis presta para arrecadar verbas e xiros. Poidera acugulalos nun novo "Diccionario"; preferíu manter vivas as formas que adeprendía, esmaltando con elas a súa obra, poñéndoas nos beizos dos seus persoaxes de ficción.



Portada de "Sinxebra". Acuarela do autor da obra (1923)

Quixo unha lingua unificada para toda Galicia, anque nela defendera, non sempre con acerto, rasgos dialectais do dialecto nativo. Namentras que o seu castelán de humanista está cheo de cultismos, adeprendidos nas longas lecturas clásicas, no galego preferíu a fonte limpa do pobo, e moitas verbas que agora nos semellan "hiperenxebrismos" foran anotadas por el nas conversas con labregos, artesáns e mariñeiros. Coido que non houbo no seu tempo quen quixera afondar tanto no saber da fala nin quen chegara a ter tan brandida riqueza.

O seu interés pola fala viva era tan grande que chegou a levar ás obras literarias parrafeos familiares, mesmo de nenos, recollidos con extrema fidelidade. O popularismo refréxase asemade nos personaxes que empregan o "castelán de Galicia", do que levou palabras e xiros ó "Diccionario" académico da "Española". De este fervor polos falares das xentes e do ensexo vitalizador do labor folklorístico tense unha curiosa proba: no Coloquio que celebramos no antigo "Centro de Estudios Históricos" en 1949, baixo a presidencia de don Ramón Menéndez Pidal e para honralo como patriarca da erudición literaria española, en lugar de leer un traballo sobre a fonética, a morfoloxía e o léxico do bable occidental o que fixo foi unha descripción de festas tradicionais, como a dos Maios, escrita na fala da belida bisbarra en que nacera.

Ó interés pola literatura oral responde tamén a recollida de refendas. Colexira un "Romanceiro Galego" que escomenzou a publicar na revista "Ultreya". O "Cancioneiro da Agulla" é mostra da temática da costura e do mester das costureiras e dos xastres. Acreceu con valiosas notas o "Arquivo Folklórico i Etnográfico" da revista "Nós". En "Lar" dou tres contiños de Nadal...

Gostoso do xogo de fortes contrastes, na obra literaria, sobre todo no teatro, compuxo, carón da sinxela conversa familiar, párrafos oratorios da mellor fasquía "tuliana".

O TEATRO

Serodio, curto e con poucos valores sinificativos, o teatro galego foi, como a prosa didáctica, o "pito cairo da rolada" no rexurdir do cultivo literario da fala. As primeiras producciónS de certo empeño son das derradeiras décadas do XIX: "A fonte do Xuramento" de La Iglesia (1882), "A Torre de Peito Burdelo" (1891), o "Pedro Madruga" de Cuveiro, cicais anterior, editouse no 1897. Producción encomendada a actores "de afición" que axiña preferiron, mellor que



Portada de "Lubicán". Dibuxo do autor (1924)

o desfasado drama histórico, as pezas de carácter social, do xorne de "Esclavitude" de Lugrís o de "O Fidalgo" de San Luis Romero, ou as farsadas rexoubeiras de Labarta, Prado, Charlón e Hermida... Cativa acollida tiveron o intento de fina comedia burguesa ca: "A Man de Santiña" de Cabanillas ou "O Mariscal", intento de "ópera falada", que dou base a unha importante creación musical de Rodríguez Losada.

Cotarelo se non sentíu chamado a ser un anovador, agás en "Mourenza". Lémbrese que escribe para o público compostelán e na terceira década do noso século, denantes de que se producira un troque decisivo nos roteiros da dramática, mudanza na que tería un fito sobranceiro a obra do gran don Ramón del Valle-Inclán. Cotarelo móvese antre os marcos do teatro realista, con moitas saídas ó drama poético, sobre bases sociais, mesmo de tese que comportan a presencia de personaxes-símbolo.

Compoñen a súa producción sete pezas: "Trebón" (1922), "Sinxebra" (1923), "Lubicán" (1924), "Hostia" (1924), "Beiramar" (1931), "Mourenza (1931) e "Ultreya", inédita. Son bilingües "Sinxebra" e "Ultreya".

Como en toda a obra literaria de Cotarelo, a linguaxe promove a creación e mesmo xustifica a actividade artística do erudito. "Sinxebra" reflexa o falar das xentes de Compostela; "Trebón" o dos labregos do val e da "bocarribeira"; "Lubicán" o da montaña; "Beiramar" e "Mourenza" o da mariña; "Hostia" é unha reconstitución histórica da traxedia de Prisciliano en Tréveris... Nelas, como dixemos, á par do decir familiar, xurden, acó e aló, brillantes lampexos retóricos: a loubanza da lingua galega en "Sinxebra", a "erótica" de Ramón e Rosalía en "Trebón", a "aria" de Antón en "Lubicán", os parlamentos de Dalaira e de Amaro en "Beiramar" ou o madrigal de Latronián e o planto final de Prócula en "Hostia".

No mesmo xogo de contrapostos, as preparacións de acto que encetan cinco das obras teñen un risoño ambiente infantil ou popular: don Andrés cos nenos da doutrina no "Trebón"; Ama Lisa en "Sinxebra" contando a refenda de Blancaflor, no xardín do pazo; adiviñas e romances á veira do fogar en "Lubicán"; os xogos verbais de Bocareu, un rillote de praia, en "Beiramar"; un cantar de sega en "Ultreya"... Fóra de "Trebón" e de "Ultreya" refúgase o remate satisfactoriamente ledo. En "Sinxebra" dase o sagrificio dun novo amor. En "Lubicán" o "lobo da cidade" morre a mans do "lobo montesío". O antagonista que en "Beiramar" matara ó seu opoñente

Os universitarios que representaron "Lubicán" no seu estreno (1922)

morre tamén, levado polas ondas. En "Mourenza" o puro namoro de Magda —"froliña nada dun illó" de desalmados— vese tronzado polo crime que os demáis traman: un tráxico naufraxio provocado. "Hostia" é a evocación do axusticiamento de Prisciliano, despois de que ordea diaconisa a Prócula. Cotarelo percura, pois, a presencia catártica da door e, con ela a grandeza do drama, grandeza que acada o seu cume na curta, fortísima, acción "granguiñelesca" de "Mourenza", peza de excepción no teatro galego.

As obras de Cotarelo, fora da ópera "Ultreya", non foron representadas por actores de profesión senón por escritores, estudantes —algúns deles do Seminario de Estudos Galegos—, mociñas universitarias, nenos da "boa sociedade" santiaguesa... Escolares fumos tamén os que axudamos ó montaxe. Público o "todo Santiago", o "todo Vigo", o Madrid dos anos de Palacios, Sotomayor e Figueroa. Ese teatro fixo tanto pola dignidade e o uso en medios cultos da fala galega que as mellores prédicas para a súa exaltación e defensa.

A NARRATIVA

A obra narrativa de meirande alento foi escrita en castelán anque ca presencia do galego falado polos campesiños.

Do mesmo xeito que gostou de transmitir as verbas que recollía, inxeríndoa na súa creación, quixo tamén recrear o pasado na novela

valéndose dos datos que apañaba nos inquéritos eruditos. Sobre o erguemento de Galicia escontra os exércitos de Napoleón, compuxo unha serie, á maneira dos "Episodios Nacionales", que abarcaría catro volumes, dos que soio saíron dous, "Palladis Tyrones" e "La Enseña Radía", e tiña dispostos outros dous, "Frente a Frente" e "Arca Marmórica". Neles aproveitaba os datos recollidos sobre o Batallón dos Literarios e a vida santiaguesa naquel intre heroico. Non se trata somentes dun relato axustado á verdade histórica en datas, nomes e feitos, animado pola maxinación reconstructiva, senón dun intento de se axustar á fala e á expresión literaria de entón, que manexaba con asombrosa fidelidade.

Outra novela, "El Pazo", responde á longa xenia das que, nas letras de Galicia, téñense adicado á vella aristocracia de alcuña rural ou urbán con mansións e terras no agro, da que son paradigmas as románticas "Ruinas" de Rosalía de Castro, as novelas realistas da Pardo Bazán e a idealización das "Sonatas" co discanto das "Comedias Bárbaras" no gran don Ramón e que, despois de Cotarelo, sigue tendo vixencia, polo atrimento do choque e a quebra de estilos de vida, en obras como as de Elena Quiroga, Carballo Calero ou Torrente Ballester.

Os personaxes de "O Pazo" encarnan as forzas sociais: o señorío pacego, a nova industrialización, o caciquismo electoreiro, e tamén o amor aldeán, a doenza... A "catástrofe" final é tamén un símbolo do derrubamento do que foi e da cegueira da figura na que o lector chegou a ver unha raiola de esperanza.

A moita e acougada lectura, a consideración das técnicas do relato, da conversa e dos xogos estilísticos... fixeron doada para Cotarelo a gran novela como a condensación da narración curta e punxente. Dela serían mostra os "Cuentos Sentimentales" que non chegou a recoller nun volume e dos que apareceron algúns no 1923 no xornal "Galicia", dirixido por Paz Andrade.

O POETA

Do mesmo xeito que o lector incansable que era Cotarelo adeprendera a fasquía da narración e a "carpinteiría" teatral, fixérase tamén co dominio do verso. Na súa poesía remanece, a cotío, ese vizoso "pensum". Podía escribir en poucos días un drama lírico como "Lubicán" ou "Ultreya". Esmaltou con pequenos poemas as obras en prosa, tantas veces rimada con paralelismos, correlacións e sinonimias.



Portada de "Palladis Tyrones. Memorias de un escolar de antaño" (1919)

Non deixou ningunha obra lírica exenta: verqueu o lirismo no relato e no drama. Na súa poesía latexa unha fonda e sincera emoción, que soupo transmitir en melódicos trechos, ben axeitados para ser acompañados pola música, coma quedou probado na ópera de Rodríguez Losada.

E soupo tamén acoller ou "seguir" nas súas obras garridas mostras da lírica tradicional.

O HISTORIADOR DAS LETRAS DE GALICIA

Ensinou o pasado das nosas letras na cátedra universitaria, en conferencias e nos primeiros cursos que sobre elas se orgaizaron en Galicia, nos anos 1923 e 1924. Fixen eu as reseñas periodísticas sobre os esquemas que me daba e que gardo co meirande aprecio.

Guiouse polo criterio de que compre indagar as creacións literarias de un pobo dende as súas mesmas orixes e considerando patrimonio propio canto no asentamento xeográfico foi enxergado ou canto os seus fillos produciron, dentro ou fora del, en lingua propia ou allea. Encarou, para logralo, o tema das orixes, escomenzando polas testemuñas dos escritores da antiguedade, e adicou demorada atención ós do Occidente peninsuar, nos séculos IV e V, con monografías de Egeria, Orosio, Baquiaio, os Avitos, Prisciliano... e os escritores da etapa xermánica.

Os seus traballos sobre o apoxeo medieval nos séculos XIII e XIV deron como froito as publicacións sobre "Payo Gómez Chariño", "Los hermanos Eans Mariño", "Joan de Cangas", "O nome de Martín Codax"... Nos derradeiros anos da súa vida dispoñíase a preparar un grande "Cancioneiro Xeral da Lírica Galega".

Coñecía moi ben ós escritores do XVI ó XVIII, en especial Feixoo e Sarmiento. Do romantismo tiña rematado un groso volume sobre "Neira de Mosquera", que non chegou a dar ó prelo. Reeditou "Ruinas" de Rosalía de Castro.

AS LETRAS ESPAÑOLAS DOS SÉCULOS XVI E XVII

Entre as obras de meirande folgo están as adicadas ó coñecimento das letras castelás nos "séculos de ouro"; non podemos esquencelas eiquí. Como cervantista analizou "La Belleza femenina en las obras de Cervantes", "La Dulcinea de Cervantes", "Obras perdidas de Cervantes que no se han perdido", pero os estudos cos que gañou máis creto foron adicados ó "Teatro" e ó "Padrón Literario" dos personaxes de tódalas obras do autor de "El Quijote".

Outra das obras maiores de Cotarelo é o volume que adicou a "El Teatro de Quevedo", por encárrego do "Instituto de España".

As obras sobre a orixe e desenrolo de temas literarios amostran os seus alongados coñecimentos e o dominio da técnica do comparatismo entón vixente: "Una cantiga célebre del Rey Sabio", a de Sor Beatriz, e "La leyenda de doña Estefanía la desdichada".

DA ARQUEOLOXÍA E DA HISTORIA

Na súa cátedra, onde se adeprendía tanto e de tan variegados temas, non faltaban atraíntes disertacións sobre Antropoloxía Cultural, Prehistoria, Arqueoloxía... poñamos por caso as orixes da escritura e dos alfabetos, as coagonías ou a clasificación das linguas.

Contribuíu ó coñecimento das antiguedades galegas. Boa mostra é "Una conjetura acerca del tesoro de Castro Recouso". Na "Exposición Regional" de 1909 adicou moita atención á sección epigráfica.

Hábil biógrafo trazaba atraíntes etopeias de Séneca, de Quintiliano, de Teodosio, da súa esposa, a galega Aelia Flaccila Augusta, dos escritores do Baixo Imperio.

Á historia do medievo adicoulle algúns dos seus mellores estudos: "Los cristianos españoles ante la invasión musulmana", "Límite septentrional de la conquista sarracena", "Los matrimonios de Ramiro I", e o longo libro, escrito na mocedade e publicado tardeiramentes, "Alfonso III el Magno, último Rey de Asturias".

Do Renacimento investigou sobre todo o tempo dos Fonseca, a fundación de "Estudios Viejos" e Universidades, e as figuras de Fray Diego de Deza, o Cardenal don Rodrigo Fernández de Castro, don Melendo García de Valdés, don Mateo Segade Bugueiro, El P. José de Zaragoza...

A Guerra da Independencia en Galicia foi un dos acaecimentos históricos do XIX ó que adicou máis atención. Dirixíu no 1909 a revista "El Centenario" e tiña disposta a publicación do memorial do "Batallón Literario" da Universidade de Compostela que inspirou, como xa dixemos, unha importante novela súa.

Mereceron a atención de Cotarelo como biógrafo, personalidades sobranceiras: Fernández de Navarrete, Esquivel, Codera —no primeiro traballo, ós dezaoito anos—, Montero Ríos, Rey, Pérez Ballesteros, Rodríguez Gil, o matemático Rodríguez González, Casares...

A heráldica débelle a útil guía "Blasón Galaico" editado pola nosa Academia, e o informe sobre a medalla de Pontevedra. A Bibliografía, entre outros traballos, os referentes á primeira imprenta santiaguesa.

O CULTIVO DAS CIENCIAS

O seu interés por tódolos saberes levouno sempre a manter estreita relación cos investigadores da Natureza, a axuntar e consultar libros de especialidades moi alonxadas das súas e a pronunciar conferencias sobre temas científicos. Lembremos, por exemplo, as monografías: "El Tratado de los Cometas del Padre Cassani", "El misterio de la estrella. Un español lo descubre", "La nebulosa de Andrómeda y el Rey Sabio", "El P. José de Zaragoza".

Un feito relevante, a primeira experencia da lus eléctrica en Galicia feita por don Antonio Casares, inspiroulle unha evocación literaria: "La Chispa Mágica".

AS ARTES

Gardo, coma unha xoia, as miñas notas das súas leccións na cátedra de "Teoría de las Artes" na recén creada Facultade de Letras da nosa Universidade, unha visión de conxunto onde fixo gala da capacidade de síntesis e do alongado dos seus saberes. Clases preparadas con adicación de moitas horas, en materias que denantes nunca exercera nas aulas, para unha rolda moi curta de discípulos, dialogantes. Percorridos polas rúas santiaguesas, certeiros análises de cada moimento, viñeron completar as clases de aquel curso inesquecible.

Interesábase moito polas artes do seu tempo, gabábase da íntima amistade dos artistas, visitaba obradoiros e mostras. Exerceu de mozo a crítica: exemplo "La Exposición Rosales", 1902. Participou na orgaización de exposicións como a do 1909 e a de "Arte Gallego" do 1926 da que fixo o "Catálogo". Son exemplares as súas monografías locais e de moimentos: "El Convento de Cambados", "El Palacio de Altamira".

O menos coñecido do seu polifacético labor é o cultivo das artes. Dibuxaba e pintaba con áxil mestría. A máis das portadas e ilustracións dos libros propios, trazou as maquetas de algúns dos decorados das súas obras dramáticas, realizados logo polo mellor dos nosos escenógrafos, o ben lembrado Camilo Díaz. Interveu nos planos e na decoración da súa casa na rúa de Concepción Arenal, obra represen-

tativa da fase final do "modern styl". Na súa cátedra planeamos e discutimos a feitura dun teatro de ópera.

E aínda lle quedou tempo, para dirixir os ensaios das súas obras, argallar cabalgatas conmemorativas, orgaizar festas como a "da Lingua Galega" do 1925...

* * *

A obra de Cotarelo asombra pola extensión, pola certa e axeitada información, pola capacidade de dar unha estructura áxil ás monografías, pola mención de antecedentes e bibliografía feita sempre con certeiro rigor. Obra súa somos tamén os seus discípulos. Moito lle debemos e moito lle debe esta Galicia á que serviu con fondo fervor.

ESCOLMA



Dibuxo de Castelao para "Hostia" (1924). (Museo de Pontevedra)

LOOR DA LINGUA GALEGA

Mantemos de cheo, con fidelidade, a grafía e as peculiaridades fonéticas e morfolóxicas do galego do mestre Cotarelo Valledor.



"NA LINGUA CARIÑENTA..."

MONCHO.—Mais estas cousas son para falare na lingua cariñenta que chora e que ríe, que berra e que abraya; na lingua que arrolou o noso berce, que nosco choutou sendo rapaces, e que sendo homes esquencemos ¡mal pocados! Pero que drento nos latexa, preto do corazón, como un tesouro nunca esquencido; que resurde nas bágoas dos pesares, nos urros da ledicia, nos layos dos dolores, nos oulidos da carraxe e tamén nas roxentes labaradas do afervoado amor; que brinca cando quer, cal brinca agora aiquí, para decirche de novo que te adamo.

CHELO.—*(Inconsciente)*. ¡Cale, Moncho non berre! si o escoitasen...!

MONCHO.—*(Alegre)*. ¡Olla! ¡Tamén resurde en ti! ¡Non tiña duda! Muller galega es, que son duas grorias. *(Exaltado)*. ¡Fala meiga, fala antiga, fala nobre; fala que exterrexes touzas e carballos! Fréute o castelán fai moito tempo, pero mais te mágoa a vanidá dos desleigados. Vaste acabando, vaste esmorecendo; derréteste, dexagas como cheiro de rosas, como auga de abirta, como escuma de praya. Ti es unha anduriña migradeira que se xía entre nós e que femente inquire, non sei onde, na hestórea ou no ceo, lentura e craridá. ¡Non fuxas, non; aínda tes un niño fonxe entre os labros das nenas namoradas!

De "*Sinxebra*", Acto II, Santiago, 1923.

EXORDIO DEL DISCURSO DE INGRESO EN LA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA

Bien quisiera yo, señores Académicos, poder valerme en la ocasión presente de aquella hermosa lengua cuyo representante habéis querido que fuera entre vosotros; de aquella lengua hermana de la de Castilla, pero que, más feliz o más desventurada, no tuvo sus espléndidos desarrollos, antes detenida en su evolución natural, se ofrece cual supervivencia venerable, siendo como medio entre el latín y el castellano; lengua un tiempo universal intérprete de poesía, ceñida ahora a las topográficas sinuosidades de una comarca; lengua ataviada con las modestas pero añejas galas de la nobleza campesina y que hoy canta y aletea, como la alondra, para saludar un nuevo sol que amanece:

"Idioma en que garulan os paxaros,
en que falan os ánxeles os nenos,
en que as fontes salouzan e marmullan
entre os follosos árbores os ventos;
.....

fecundo nume do úneco Rey Sabio
que no solio de España tivo asento,
arpa inmortal da doce Rosalía,
do infortunado Añón himno postreiro."

Lengua nacida para enamorar y para agradecer, que solamente de gratitud debiera hablaros quien tantas y tan altas mercedes tiene recibidas de vosotros y acaso en esa dulce lengua acertara a expresar toda la profundidad de mi agradecimiento.

Y bien quisiera yo que al desplegar estas páginas brotasen de entre ellas los perfumes y armonías del país de donde vengo: las salobres brisas de sus costas bravas y las placientes auras de sus rías helénicas, el arrullo de sus pinares sombríos y de sus maizales rumorosos, el aroma de las robledas centenarias y de los henos otoñales, el melancólico *alalá* de la moza enamorada expandiéndose por valles siempre verdes entre tórtolas y castañares y el *aturuxo* retador del montañés fornido que repercute en las cimas y estremece las hojas de los alisos tembladores..., toda la mágica cadencia de Galicia, para que ella las vistiese de egregia poesía, la poesía que os es debida y que yo no sabré darles.

De poesía intento hablar, sin embargo; de poesía pretérita, si es que la eterna vitalidad del arte poética, como nacida en la raigambre de nuestros sentimientos más humanos, puede alguna vez antojársenos pasada o marchita. De poesía medioeval, en fin: de esa admirable poesía lírica contenida en los cancioneros galaico-lusitanos, donde juglares y trovadores, soldados y burgueses, clérigos y magnates, príncipes y monarcas, erigen grandioso monumento a la triunfante espiritualidad de la tierra gallega, sólo comparable a la hegemonía material que sus políticos y sus guerreros supieron, por varios siglos, conquistarle. Uno de ellos entresaco. Señores, voy a discurrir brevemente acerca de PAYO GÓMEZ CHARIÑO, *almirante y poeta.*

Discurso de ingreso en la Real Academia Española. 7 abril 1929.

A PROSA ERUDITA

A MOCEDADE DO P. FEIXOO
(1676 - 1709)

...No recanto do fogar adeprendeu primeiramentes baixo o guieiro agarimoso do seu pai o camiño da sabencia. Cursou despois no mosteiro bieito de Ribas de Sil soterrado nos frondentes arboredos e nas fragas de aquela sagra ribeira que é a máis forte paisaxe da nosa terra.

Sobresaíu axiña entre os escolares que viñan á cotío âs venerabres celdas, pol-o seu grande afeizoamento â leitura e por aquela prodixiosa memoria pol-a cal casi coincidiron n-el o leer c-o estudar; "los maestros advirtieron... un espíritu capaz de las ciencias y un corazón hecho para la virtud" (Nóvoa).

Cóntase que abondaba citar diante d-él calquer pasaxe ou texto pra que de súpeto nombrase non soyo o autor mais o libro e a páxina; antes de saber apenas o que eran os versos compúxoos en loubanza da vida do campo e anque ô que pode creerse non serían moi notabres porque nunca sobresaí o P. Maestro no arte da poesía, é un bó dato pra a declaración do seu raro e precoz inxenio.

Alternando c-as laborías escolares dedicábase ô estudo da música, da que sempre fixo particular aprecio, adeprendendo á tanxer a guitarra según o método e as reglas de Gaspar Sanz, cicais inclinou a sua afición pra aquel instrumento tan pouco noso o paso casi diario dos romeiros portugueses, que pol-a sua porta, camiño de Galicia, pasaban entoando ledas cantigas ô son das suas guitarras. Deberon ser éstos xogos de infancia porque nos seus escritos non se volve á falar de esta habilidade sua anque se mostre â outura dos seus coñecimentos na teoría e na filosofía da música.

Pra contribuir ô seu insiño e pra fortecer o seu natural cativo soía o seu pai leval-o Galicia adiante nos moitos viaxes que facía. Fixo d-este xeito moitos dos nosos camiños sendo rapaz de dez a once anos cando podía soportar mellor as molestias de andar longo tempo á cabalo por mal coidadas corredoiras. Visitou Ourense, Ribadavia, Allariz, Vigo e Pontevedra, chegando deica Ferrol, a Cruña e Betanzos, con moito proveito do seu xenio pescudador e aberto.

Deu boas mostras dél sendo neno descubrindo a astucia de certo saudador que asombraba as xentes tripando cos pés ispidos e ocultamente protexidos por certa pasta un ferro candente. E aquel esprito xovial e critico que andando os tempos había de leval-o á loitar sin tregoa contra vulgares preocupacións e supersticiosas creencias, burlábase ledamente das aprensións dos amigos da sua familia en orde â hixiene e mediciña e da pueril costume seguida ainda hoxe de coller hervas, especialmente fiuncho na noite de San

Xoan conservandoas durante o ano como saumerios contra as tempestades. Era o mesmo que, contra a sua época, cortaba as uñas en sábado, comía despois do chocolate, e dormía, cousa tida por moi peligrosa, despois de purgarse...

Por este tempo veuse turbada a sua fébele saúde por unhas tercianas casi epidémicas n-aquela comarca. Martirizaronno os médicos, sangrándoo copiosamente seis veces n-un mes e prohibíndolle beber líquido algún pra apagar a sua intolerable sede; debilitouse tanto que estivo perto da morte pero ao cabo libre de novo consagrouse con mais forza ao estudo.

A frecuencia das tranquías celdas do mosteiro de San Esteban, o espetáculo da leda vida dos monxes e mais que nada o seu carácter retraído e austero inclinaronno ô estado eclesiástico e fomentándose mais co tempo este degaro declarou o seu firme propósito de arredarse do mundo [...].

Autorizado Feixoó, renunciando pra sempre ôs licitos placeres da vida social n-unha posición desafogada, recibeu a beizón paternal e foi a chamar ás portas do mosteiro en ano de 1690 e ôs 14 escasos de edade.
Recibeu a cogulla no Mosteiro de Samos [...].

Homildoso e sinxelo nas suas costumes, ledo no seu falar, Feixoó, querido de todos, pasou os primeiros tempos do seu noviciado n-aquel convento "tan recogido, tan estrecho, tan sepultado entre cuatro elevados montes que por todas partes no solo la cierran, mas le oprimen y solo es visto de las estrellas cuando las logra verticales".

O seu xenio mostrouse dende o ingreso na casa, nos consellos que repartía á compañeiros de hábito e veciños da aldea pra libralo das pantasmas, ridiculizando tamén, adaxios e sentencias tidos por útiles e certos.

Lémbrese aquela explicación do "si quieres vivir sano, la ropa que traes en invierno, tráela en verano", de que a roupa do inverno pode soyo usarse no vran porque xa chega a el de abondo raída e con pouco pelo e lixeira de certo.

De Samos pasou á Lérez onde tivo estreita amistade con Juan de Ballisca.

Deica o ano 1695 estivo n-aquel colexio en calidad de oyente cursando artes, primeiro periodo da carreira regular nos reducidos estudos monásticos de aquel tempo. Pero si o ensinio era cativo o medio do aplical-o era óptimo. Os novicios tiñan certa libertade, reglamentábanselle os actos do día e permitiánselle distraccións útiles e honestas por aqueles enmeigados arredores eternamente arrolados pol-as augas do noso incomparabre río.

No 1695 rematados os seus estudos pasou á Salamanca pra seguir os de Teoloxía no colexio de San Vicente, hoxe totalmente destruído.

Do grande esplendor de aquela cibdade no XV e no XVI non quedaba senón a lembranza. *A nai das ciencias,* a par que as demáis vilas de Castela ou tal vez mais que outras participou da mingua xeneral da monarquía, da dexeneración intelectual e moral, da corrupción literaria e artística que caraiterizaron os derradeiros reinados dos Austrias. O mesmo Feixóo refire al-

gúns casos grotescos, que mostran a postración de aquelas célebres aulas, nos derradeiros anos do XVII. Un catedrático exprica soyo duas leicións sin importancia no ano. Outro toma con excesivo fogo unha argumentación e vese acometido n-un ataque de apoplexía quedando inmóvil, e tendo que ser levado â casa n-unha silla de mans. O curso dos estudios da sua carreira era unha esfera moi limitada pro esprito de Feixóo. Y así extendeu a sua apricación a outros coñecimentos superiores causando admiración dos seus condiscipres que quedaban suspensos ô escoitalo porque coidaban que todol-os galegos eran como os segadores que vían na sua terra, alí onde como medio siglo antes escintilara na cátedra o seu parente Don Xoan de Puga. Os legistas Don Pedro Samaniego, Don José de la Senra catedráticos de aquela Universidade, Fr. José de Barnuevo, Mestre do noso frade, non desdeñaron o seu trato, e os seus compañeiros cobráronlle fraternal cariño, como aquel Fr. Rosendo de Caso, abade que foi despois en San Vicente de Aragón. Unha febre tívoo moitos días no leito privado do coñecimiento. Por moitos coidados pudo retornar â saude.

Tres anos duraron os estudos de Feixóo. Cabo d-eles graduado xa en Artes recibeu o mesmo título en Teoloxía en 9 de Marzo de 1696, no colexio de San Vicente. Defendendo baixo os auspicios de Fr. Mauro Roldán seis conclusións teolóxicas sobre o misterio da Encarnación que foron según o uso da época impresas en seda e que hoxe se conservan en Casdemiro. Voltou de estoncias Feixóo â sua terra y en Samos, que sempre o considerou como fillo y-o favoreceu canto pudo, foi leitor e pasante de Filosofía.

En 1705 cando a guerra civil topábase en Valladolid no ricaz mosteiro de San Bieito. Permanesceu n-el algúns meses enseñando Filosofía, sin descuidar por eso os seus particulares estudos, antes ben cultivándoos na Biblioteca do Colexio e na do veciño Santa Cruz. Residеu tamén Feixóo en San Martín, en Eslonza onde lle comenzou a reuma, e nos primeiros meses de 1709 aos 33 anos de edad foi a Oviedo, como leitor de aquel famoso colexio de San Vicente onde había de residir deica a morte e onde compuxo todal-as suas trascendentales obras.

Lido no "Seminario de Estudos Galegos" o 22 de febreiro do 1924. Publ. en "Nós", t. IV. Ano XII, n.º 91, 15 setembro 1930.

A POESÍA

CAPRICHOSA UNHA DONA...

Caprichosa unha dona de entre a senra
un reiseñor pillou,
e porque fose sua cántiga mais tenra
os ollos lle picou.

Tal que a triste avesiña desollada,
ansí cal ela estou,
pois a min, como a dona, malfadada
a sorte se amostrou.

Cego quedei pra as frores, que de a vida,
sóilo vexo a door,
¡prisoneiro infeliz, alma transida,
magoado reiseñor!

Mais ¿qué importa sofrir? Saya brioso
o ar da miña voz,
xa que ao canto o fai tenro e mais meloso
a anguria do cantor.

De "*Hostia*". Recitada por Latronián. Inspírase en Catulo, "O paxaro de Lesbia".

A MIÑA MARTIÑA

A miña Martiña,
Martiniña branca...
Aquela añagota,
cordeira galana,
de pelica crecha,
de sinxelas patas;

a dos ollos lenes
a da voce maina,
a mais cariñenta,
mais xeitosa e mansa
que de cote, leda,
o meo pe choutaba;
a que herbas e grumos
cataba na faldra...
¡alí está tendida
de sangre zafada!
A miña Martiña,
Martiniña branca... [...]

O lobo famento
baixou da montana;
brincou no cortello,
trabou na coitada.
Erguínme de un pulo;
¡arrastro a levaba
e encima da neve
seo sangue pingaba!...
Berréille; paróuse;
tiréime a arrincarlla,
e fuxío o lobo
na noite xiada.
Quitar eo quiteilla,
peró ¡malpocada!
xa estaba ferida,
mortiña xa estaba,
comesta do lobo,
do lobo esgolada.
¡A miña Martiña,
Martiniña branca!

De "*Lubicán*", Cadro I, Parlamento da Tía Miñota. Santiago, 1924.

NON ME FALEDES DESA MOURA VILA...

Non me faledes desa moura vila,
non quero remembrar.
Falade destas cumes arrayadas,
de aqueste vello chan;
da terra que termou do noso berce,
da que nos da o pan,
da que ainda despois que a morte veña
acougo nos dará.
¡Malía de quen o seo recanto deixa,
de quen deixa seo lar,
que no fogar alleo atopa soilo
morriña e saudá!
Esa vila que a tantos enfeitiza,
pr'onde querés voar,
esa vila foi cárcere escurenta
para mín, nada mais.
¡Cantas veces ollando nestes riscos
devecín por voltar!
¡Cantos saloucos, cantas acedumes,
canto amargo chorar;
cantas noites pasei sin pechar ollo
cantos días sin paz!...
Si pr'onde vos non torno de contado
finábame acolá.

"*Lubicán*". Parlamento de Inés, Cadro I, Santiago, 1924.

O FUNDO MONTANÉS

¡Si! que volvamos outra vez pertiños
por xevas e por touzas a troulear,
e como antronte sían nosos cariños
cantares de ollos e tecer de más.
Ollaremos o brinco milagreiro
que pega do rebezo o pe xentil,
das bruitas o ancho xiro silandeiro
fendendo entre o nubrado o ar sotil.
O folgo sanidoso da xesteira,
que sinsa o peito, esturruñando a cor,
para nos tanxerá na carballeira
o balbordo do seo ruxente son.
E para nos a freixa enrabecida
escuma entre penoucos ten de ser,
e para nos a lúa desblanquecida,
e a fogaxe do sol serán tamén.
Xuntiños sobiremos cara a cume
a lurpal-a lucencia da mañán,
e verás arrayar na cima o lume
e na fondura lobrecel-o chan.
Pois cando o outo tuas guinillas se ergan
ambente, luz e ouro tes de ver,
e o ampro mundo que de alí dexergan
deitado cal un manto baixo os pes.
Reiña será entón pra tí a montana,
destoncias sentiral-o su grandor,
e a vila alá outearás, mesquiña, anana,
sulagada en tenebras e tristor.
Entón tua feiticeira donosía
na pena ergueita nidia ha de locer
cal frol de garrideza montesía
que os ceos apara o fundo montanés.
O fundo montanés, a terra nobre,
berce, lumiar, sarego de beizós,
cepo afillado que por tegas cobre
irtas almas e circios corazós.

"*Lubicán*", Parlamento de Antón, Cadro II.

COROS DE LA ÓPERA "¡ULTREYA!"

CORO DE SEGADORES

HOMBRES.—Sega, sega,
chía o paspallás,
sega, sega,
no granado pan.

MUJERES.—Sega, sega,
sega meu galán,
sega, sega,
sega muito pan.

SEGADOR 1.º—Na leira o paspallás canta axeirado
no ceo, ouro e baldura, arreita o sol;
o pan pide fouciño, xa chegado,
e o fouciño cramando está por nos.

CORO.—Sega, etc.

SEGADOR 1.º—Xa cala o paspallás tral-os valados,
no ceo lume e baldura arreita o sol,
olaxe de ouro son eiros inzados,
durmen os ollos do meu doce amor.

MUJERES.—¡Qué compaña - tan galana,
qué compaña - tan xentil!
Vinde vere - esta compaña
como pasa - por ehiquí.

HOMBRES.—¡Qué compaña - tan galana,
qué soladados - tan barís!
¡Qué señor - tan arrogante
qué doncela - tan xentil!

HERALDOS.—¡Paso al Conde de Hertzbaunde
y Würtezenthal!

(Gran desfile de soldados, lanceros, el CONDE y ULRICO. HILDA y BERTA en literas.)

CORO DE ALDEANOS.—Peregriño latexante,
camiñante coitadiño,
de avanzar pol-os rueiros
esmagado e canso ves.
Toma acougo, santo andante,
no sarego campesiño.
Espiñados e sangreiros
desta xeira tel-os pés.
Longo, longo é teu camiño,
o camino do francés.

"*¡Ultreya!*", Libreto inédito para la ópera de Rodríguez Losada. (Museo de Pontevedra), 1935.

O TEATRO

MOURENZA

LANCE DRAMÁTICO NUN AUTO

FIGURAS

MADANELA, LUMIA, RAPETA, BREIXO, XELO, ESPADARTE

Pásase na beiramar. Época de agora. Dereita e esquerda, as do púbrico.

A escea é unha cafua enfluxada e probe. No fondo, ventá pecha, e porta de entrar. Á dereita, lacea que se poida abrir e outra porta. Mesa de madeira no medio, e derriba un quinqué sinxelo, apagado, pendurado do teito. Abarrotes, barriles, caixas, remos, cordas, redes e máis cousas semellantes. Cadeiras e tallos. Todo roñoso e polvorento. O conxunto ha de ter van como de almacén de chambo.

É unha noite de tormenta na invernia. Oise o bruído do vento, o chiscar da sarabia e o balbordo do mar. Pousa longa.

Petan â porta do fondo con dous golpes espaciosos e resoantes; logo con tres máis recios. Despois surde, pol-o burato do pecho, a vos coutelosa de

ESPADARTE *(chamando dendes fora)*. ¡Lumia!... *(Pousa)*. ¡Lumia!... ¡Lumia!...

(LUMIA, que é unha vella horribre, sae alumándose cun candil pol-a esquerda, arrastrando as chanclas. Pousa o candil na mesa; chégase â porta da dereita e chama quediño cos cotenos; logo vai á abrir en gran silenzo.)

LUMIA.—Non berredes, degorrios, que vos sentirá Madanela.

(Entran ESPADARTE máis RAPETA. ESPADARTE (tipo de mariñeiro antergo: roupa de augas con sudeste) trae un paxe ô lombo, un farol aceso e un bicheiro na man. RAPETA, de bufanda, é un rapás xibado, porta un saco valdeiro e un can de lás coutado de un cordel.)

RAPETA *(rindo. RAPETA rí sempre)*.—¡Mamola!... Chove que asolaga.

ESPADARTE *(con soño que non deixa nunca)*.—¿Breixo?...

LUMIA.—Agora sal. ¿E os outros?

ESPADARTE.—Na buseta. *(Todos falan someiro e espazado)*.

LUMIA.—¿Sabes certo que entra hoxe?

ESPADARTE.—Seino.

RAPETA.—Ven nos boletís. E a amañecida está de xorne. Haberá escamallo.

LUMIA.—¿Grande?

ESPADARTE.—Correo.

RAPETA.—O "Bohemia" ¡Mamola!... Apare o almario, tía Lumia. *(Pousa)*.

BREIXO (mariñán escorreito (traxe azul; boina) entra pol-a dereita poñéndose un chaquetón de abrigo).—Aiquí estou.

ESPADARTE.—¿Listos?

BREIXO *(collendo un truel)*.—Listos.

ESPADARTE *(indo á sair)*.—Avante.

LUMIA.—¿Levades a xovenca?

ESPADARTE.—É sospeitoso.

LUMIA.—Destoncias o carneiro.

ESPADARTE.—Sospeitoso.

RAPETA.—Vai "Lulo" *(pol-o can)*.

LUMIA.—De pouco che valirá, Rapeta.

RAPETA.—¡Mamola! Anada coma un xurel e soergue un anagado.

LUMIA.—Collede sachos: haberá cristiáns á pedir terra...

ESPADARTE.—Sospeitosos.

RAPETA.—Ben dito. Este tío Espadarte fala como os relós: pouco, pero campanudo. ¡Mamola!

BREIXO.—Vostede, madre, poderá deitarse.

LUMIA.—Agardo por vós.

ESPADARTE *(na porta)*.—Imos.

LUMIA *(a* BREIXO.)—Toma este coitelo, por sí acaso. É de solla.

RAPETA *(desiminando o coitelo)*.—Estes trémpanos con veleno. ¡Mamola! *(Rindo)*. Din que unha picada mata un cabalo. *(Dándollo a* BREIXO). Garda.

BREIXO *(tomando o coitelo)*.—Hasta logo.

LUMIA *(tapa co-a man a lus do candil pra que non se vexa de fora)*.—Moita sorte. *(Saen* ESPADARTE *e* BREIXO).

RAPETA *(saindo)*.—Moita maña.

(LUMIA arrima a porta e séntase pensatibre. *(Pousa)*. Pol-a dereita entra MADANELA, medio espida, como quen se ergue pra se volver deitar. MADANELA é unha froriña nascida nun illó. Así que se amostra, reloce a cara de LUMIA.)

LUMIA *(roñándolle cariñenta)*.—Pero Nela ¿é tí?...

MADANELA.—Espertóume o vento, madre, e desvelei. ¿Quén eran eses homes?

LUMIA.—Espadarte e Rapeta; viñan por teu irmán.

MADANELA.—¿Co este vendabalón? ¿Saen ô mar hoxe?

LUMIA.—Pouco se desviarán das penas; van ô endeño.

MADANELA.—Agardar á que esbardase.

LUMIA.—A ardentía bota arribazón.

MADANELA.—Con todo...

LUMIA.—Volve â cama, meniña. Ves medio espida.

MADANELA.—Un pulo non máis *(lerosa)*. Tiven un soño mui boniteiro. *(Séntase a carón da nai)*.

LUMIA *(aloumiñando nela)*.—¿Pois logo?

MADANELA.—Chegara él...

LUMIA.—Diol-o traya.

MADANELA *(afiuzada)*.—Virá, madre, virá nun dos primeiros barcos. Boeno *(contentosa de relembral-o soño)*. Chegara él e nos forámolo rescibir á bordo... *(síntese oubear un can)*. ¡Xesús! ¿Qué foi eso?

LUMIA.—Un can oubeando.

MADANELA.—Asina oulaba o do meu soño.

LUMIA.—Pois ¿non soñaches con Xelo?

MADANELA.—Sí; pero verá, tamén había un can. Un can mouro, mui rabisco, doente quizaves.

LUMIA.—Sería o urco, o can do mar.

MADANELA.—¿O urco é malo? Pois era él.

LUMIA.—Din que o urco é un can mui grande que en noites pechas sae do mar, e vai por rúas e por congostras oubeando con outros cans que acoden á lle dar escolta. Leva unha cadea arrastro. Por veces detense, e todol-os máis fanlle roda, calados.

MADANELA *(esterrexendo)*.—¡Qué medo!...

LUMIA.—Cousas de rapaces.

MADANELA.—¿Quén sabe?... Tamén din que os oubeos dos cans ventan morte; e ese de antes...

LUMIA.—Vaia, conta do teu soño.

MADANELA.—Fóramolo rescibir abordo. Breixo nos levaba na minueta, bandeira en popa. El estaba alá enriba, na amura, saudando co sombreiro. Vosté ben sabe como é danzal e fampista.

LUMIA.—Eu non-o conozo, Nela.

MADANELA.—Certo. Temíase de vostede e desviábase. Esterrecía entrar na casa; na outra, que de ésta non sabe que nos mudamos. Desde aquí verémolo sobre cuberta. Cuase vivimos á nado. Boeno, ¡Qué alegría, madre! El saudaba... tirándome bicos. Pero eu non podía chegarlle...

LUMIA.—¡Cousas dos soños!...

MADANELA.—Surdíu un can e trabóume da faldra, turrando por mín. *(Oise berrar roucamente a serea de un vapor grande, lonxe)*.

LUMIA.—¿Un can na minueta?

MADANELA.—Sí; un can ou un lobo, non sei. É o máis estrano... ¡Cousas de soños!... foi que aquel can tiña a faciana de Rapeta. Ese rapás non me chista cousa. Paréz que leva un felo: un felo de velliño recésego. Logo, sempre rindo... Da anguria. Fegúrame que debe ser xiado como as cóbregas, e si se lle tocara nas fazulas... ¡Uy, qué noxo! *(Volve á soar a serea en urlido longo)*... ¡Xesús, cómo brama ese vapor!...

LUMIA.—Haberá cerrume e pedirá plático.

MADANELA *(medrosa)*.—Parés que laia, madre.

LUMIA.—Pol-a noite, ¡xa ora!, todo asusta.

MADANELA *(seguindo o conto)*.—Entón él saltou na minueta e, ¡pumba!, chimpou aquel can no mar. Logo colléume nos brazos... ¡É máis gayoleiro!...

LUMIA.—¿Ti cres que virá?

MADANELA.—Como na misa. Escoite *(saca unha carta e lé)* como esquirbe: "Saberás en como nada se me da de esos atorrantes"... Non é aiquí... "Pues Madanela"... aiquí é: "Pues Madanela, recibí lo que me dices de lo que te pasa y yo te digo que no te degores, que yo, como te tengo dicho, te quiero rechamente y no de canfinfla, como decimos acá y ya tengo alguna plata. Pues Madanela, saberás que ya quité el boleto del pasaje y saliré de esta en el primer correo que toque en esa, que será recien y no más".

LUMIA *(cobizosa)*.—¿Dis que ten prata?

MADANELA.—¡Boeno!... Xa leva sete anos na outra banda. Ben ve. Seu pai andaba máis espido que un marolo e agora é patrián. Cando veu neste vran dar aquela rabexada, que foi cando nos conocemos, parescia un señor. Pero tencioaba axuntar máis para viviremos na vila.

LUMIA *(receando)*.—Nela, ¿non será un embaidor, un infirtoso?

MADANELA.—¿Infirtoso meu Xelo? Él virá... Se non viñese... ¡ay, madre! *(bótase chorando no colo de* LUMIA).

LUMIA *(cariñándoa)*.—Virá, filliña; non chores.

MADANELA.—¡Ten que vire! Eu esquirbinlle todo... Se non ven... finaréime. *(Baixando a vos)*. Logo se conoscera demasiado; e xa agora... Onte, no río, Maripepa reparóume de un modo... ¡Ay, madriña! *(Abrazándoa)*.

LUMIA.—¡Cala, cala! O que non sei é cómo poido sere, Madanela.

MADANELA *(vergoñenta)*.—Cando iba de espichadora, él andaba de paseante, sempre en axexo, azoroñando. A frábica está lonxe; para ir e vir tiñamos ¡de pasar o piñeiral... era Xullo. *(Chora)*. Non sei... non sei cómo foi!

(Esgarabellan na porta do fondo, como querendo entrar; LUMIA decátase, e forza a vos pra que non-a oian de fora.)

LUMIA.—Vaya, sosega. Déitate; non te colla a friaxe *(tentándolle as mans)*. ¡Cala! Xa estás entanguida. Ven. *(Erguéndoa e levándoa cariñenta)*. Imos ô carto, filliña. Durme tranquil. *(Na porta dereita)*. Él virá, non temas.

MADALENA *(entrando)*.—¿Certo que está á chegar, madre? *(Desaparecen amas)*.

(Ábrese pouco á pouco a porta do fondo deixando escorrer á BREIXO, pavorido. Ven impante, en penecho, mirando atrás con ollos relampados. Así que entra, vólvese e pecha, correndo o ferrollo. Logo abre a lacea, saca botella e copa, bebe un chisco e séntase. Pousa. En silenzo chega LUMIA por detrás, poñéndolle unha man no hombro.)

BREIXO *(brinca espantado)*.—¿Quén!!...

LUMIA.—Tes pouco rexo. ¿Qué houbo?

BREIXO.—¡Unha estrangueira!...

LUMIA *(ollando o redor)*.—E ¿qué traes?

BREIXO *(sentándose de novo)*.—¡Nada!

LUMIA *(estranada)*.—¿Entón?...

BREIXO *(arredándoa)*.—Déixeme. Cale. Estou abrayado... ¡Teño medo!

LUMIA.—Ben noto *(ouservando nel)*. ¿Non vos collerían?

BREIXO.—¿Qué sei eu?... Non, non nos colleron. ¡Ogallá nos colleran!

LUMIA.—¿Estás enmeigado? Conta que pasou.

BREIXO *(esterrexendo)*.—Pasou de abondo.

LUMIA.—Fala, diaño.

BREIXO *(de mal aire)*.—Esnaquizóuse nos penedos... Layaba coma un cristián...

LUMIA.—Ben sentimol-a serea.

BREIXO.—¡Layaba!... Escomenzaron a sair... As lanchas de abordo batían nas penas e anagábanse... Saían máis. Algún bulindo ainda. ¡Qué espantosidade! *(Quédase suspenso como ollando unha horribre visión)*.

LUMIA.—Sigue.

BREIXO.—Deme xusgos. *(Volve a beber)*. Eu estaba estantío, abobado... ¡Qué espantosidade!... Veu o "Lulo" arrastrando un así como habanero... Relocíalle a cadea do relós... Deixoulo cabo min, varado no xabre. Rapeta encirróume... Entre a salguía das escumas púxenme á rexistralo. Estaba morto...

LUMIA.—Mellor.

BREIXO.—De súpeto, o morto engarrou en min... Botóume as mas. Apertaba no pescozo, esganábame... e non podía zafarme de aquelas mas: eran poutas... Saquei o coitelo que vosté me dou e chantéillo... ¡Matei o morto! *(Colle a cabeza entre as mas, marmuxando outra vez).* ¡Matei o morto!...

LUMIA *(alentandoo).*—Bueno ¿e qué? Un entre tantos. O mar cobre moito.

BREIXO.—Fuxín. Fuxín sin ver terra; pavorido...

LUMIA.—Hai que ter azo, Breixo.

(Chaman quediño â porta; LUMIA *chégase a ela.)*

BREIXO *(erguéndose espeluzado).*—¡Non! ¡Non abra, madre, non abra!

LUMIA.—¿Qué temes?

BREIXO.—Calquer cousa. (RAPETA *asubía pol-o pecho).*

LUMIA.—Acouga. É Rapeta. *(Abre á xeito).*

BREIXO.—Tanto monta. Rapeta é unha fera; un locumón do mar. ¡Rapeta é o urco! *(Volve a sentarse apouvigado).*

(Entra RAPETA *sin o can.* Trae un gran saco cheo ô lombo e a pucha mail-o truel de BREIXO na man.)

RAPETA *(guindando o saco).*—Garde eso, tia Lumiña. ¡Mamola! Ben lle dixen que habería escamallo. *(Rindo).* Ehi ten xebra e marlota á rever. *(A* BREIXO). Es páparo. Algún día nos botarás á pique. Toma a tua güina; apañouna "Lulo". Velaiquí o relós, a cadea e a carteira *(pousándoos na mesa).* Ter todo ésto na man e deixalo, ¡véigate a mona!

LUMIA.—Aprende, Breixo. Éste ensínavos á todos.

RAPETA.—¡Bah! ¿Ibámolo perder? ¡Mamola! I-eso que teño un peso diario *(pol-a xoroba);* mais pra algo son Rapeta.

BREIXO.—E... ¿o morto?

RAPETA.—¿Quén? ¿Teu ché? Ben morto queda *(rindo).* Estes coitelos de solla son barudos *(sacándoo do bulso e dándollo).* Garda pra outra ves.

BREIXO.—¿Estrevíchete a quitarllo?

RAPETA.—Non que llo iba á deixar. ¡Mamola! Por él darían con nós decontado.

LUMIA.—Moito vales, Rapeta; estás en todo. ¿E Espadarte?

RAPETA.—Tamén pescou sua bicada. Agora queda carretando náufragos na buceta. Poida que lle den unha crus de salvamento.

BREIXO *(xordamente).*—¡Matei o morto!...

RAPETA *(á* LUMIA).—Este galán está trafugado. Vale máis que o leve fora, despellará co vento.

LUMIA.—Ben dís. Ven conmigo, Breixo.

(BREIXO segue á sua nai como anganido e amos saen pol-o foro. RAPETA, con gran calma, cerra a porta, recolle as alhaxas da mesa, méteas no saco e esconde éste entre os abarrotes. De pronto, ponse á escoitar e escóndese él tamén. Pol-a porta dereita, entra MADANELA, máis vestida que denantes, cunha palmatoria na man. Olla a escea, e véndoa soia, vaise a retirar.)

RAPETA *(mostrándose).*—Boas noites, Mada.

MADANELA *(dando un berro).* ¡Ay!!... *(tranquil).* ¡Asús! qué susto me deches. Cuidei que ninguén habia.

RAPETA.—Cuasi, cuasi.

MADANELA.—Falaban aiquí.

RAPETA.—Breixo conmigo.

MADANELA.—Logo xa viñestes do mar. Gracias â Virxe, que está a noite brava. ¿Cobrastes peixe?

RAPETA.—Sempre saca algo a rapeta.

MADANELA.—Dixo madre que íbades ô endeño.

RAPETA *(correxindo)*. Tamén, mais indo eu non falta rapeta.

MADANELA.—O caso é que, loubado Dios, xa voltastes. *(Pousa)*.

RAPETA.—Mada, pois estamos á tergo, quería decirche... Tempos hai que te atopo revirada.

MADANELA.—Nin siquera.

RAPETA *(tenro)*.—¿Onde van as tuas cores de rosa, Mada; os teus risos estalantes coma axouxeres; aquelas cantigas que rebulían nos piñeirales? Nin volves â frábica, nin ese limiar traspasas. ¿Por qué andas triste, Mada?

MADANELA *(rindo)*.—¿Eu triste? Tí tresleache.

RAPETA.—A xente repara...

MADANELA.—Por vicio.

RAPETA.—Moitos marmulan...

MADANELA.—Por maldade.

RAPETA.—I-eu ben vexo...

MADANELA *(anoxada)*.—¿Qué é o que tí ves, caramuxo?

RAPETA.—Mada, falemos craro. Nin sei cómo nin con quén, pero o lance foi e... xa me entendes. Din que embarcou y-está na América; pois eu dígoche que ese non volta. Ben sabes, gusto comprido...

MADANELA.—Pero ¿qué gusto nin qué sécolas, berberecho?

RAPETA.—Eu sempre te quixen, Mada.

MADANELA *(estranada)*.—Ora o demo dorme... ¿Tí? ¡Asús! ¿Tí me quixeches?

RAPETA.—Sempre; pero decatábame e agardaba. Eu...

MADANELA *(congoxosa)*.—¡Asús! ¡Asús, mil veces! Sei que sigo soñando...

RAPETA.—Tí eres unha fror, un paxaro, unha estreliña; eu, son Rapeta. Xa comprendes. Rapeta, calaba. Mais agora...

MADANELA *(arritándose)*.—Agora ¿qué?

RAPETA.—O tempo corre, o choyo adianta, as linguas rexouban, a conduta abanea; pois denantes que o caso chegue...

MADANELA.—¿Qué lareta este cangarexo?

RAPETA.—Mada, a cereixa picada dos melros, logo cae no chan. Eu non podía subir hasta tí; fuches tí quen hasta min baixaches... Mada, â froita caída dáselle co pé; pero eu son Rapeta e fago o meu oficio: eu recollo a cereixa. Para mín sempre serás Mada. Nada sei, nada pergunto... Mada, agora non podes escolleitar *(apurríndolle a man)*. Ves aiquí a man de un home.

MADANELA *(estalando)*.—¡Un home! ¿Tí es un home? Tí es un escanzre, unha píntiga, unha cobra...

RAPETA *(rindo)*.—Mada, a cereixa cayida, no chan podrece.

MADANELA *(marchando)*.—¿Casar contigo? Dios me defenda.

RAPETA.—Mada, xa non podes escoller.

MADANELA *(furente)*.—Antes meto a cabeza na corda de un pandullo e me chimpo co-él no mar *(saíndo)*. ¡Asús! ¡Asús mil veces!

RAPETA.—Seguirei agardando, Mada.

(Míraa marchar e ri en silenzo. Pol-o foro, volven LUMIA máis BREIXO sempre caviloso.)

LUMIA.—Moita patulea se xunta na ribeira.

RAPETA.—Non hai xeito de facer máis. Chegaron carabineiros... ¡Mamola! Poiden esculirme...

LUMIA *(mirando o redor)*.—¿E o saco?

RAPETA *(amostrándoo)*.—Aiquí está.

LUMIA.—Daca *(desatándoo)*. Couta a porta e aluma.

(Poñen o saco no medio; RAPETA aluma axionllado e a vella, sentada nas táboas, vai rexistrando o botín. BREIXO, aparte, cavilando.)

RAPETA.—¿Non sería mellor agardarse?

LUMIA *(remexendo)*.—Relós... pulseiras... cartos. Chega acá. (RAPETA *aluma)*. Son pesos *(fáinos soar con ledicia no mantelo)*. Ésto é o máis seguro: éstes non teñen señal.

RAPETA.—Xebra, señora, xebra.

LUMIA *(remexendo)*.—Pendentes... cadeas... máis cartos *(leda)*. Moito gafaches en pouco tempo.

RAPETA.—¿Non son Rapeta?

LUMIA.—Aneles... medallas...

RAPETA.—Tamén hai carteiras. Meta a man.

LUMIA.—Aluma *(sacando unha carteira)*. ¡Casi está ateigada! Pon ahí, logo contaremos *(mostra un xoyeiro)*. I-ésto ¿qué é?

RAPETA.—Non sei; nan daba tempo. Unha caixiña.

LUMIA.—De prata.

RAPETA.—Agarde; imos abrir... *(Forcexea para abrir o xoyeiro. Séntese rañar na porta de fora e logo xemer xordamente. Todos escoitan)*.

LUMIA.—Será Espadarte.

RAPETA.—Non. Semellan prañidos.

LUMIA.—Pois será o "Lulo".

(BREIXO érguese como abufinado e abre. No oco mouro, apuado no batente, vese á XELO, macio, descalazado, pingando, caendo... BREIXO recúa espantado.)

XELO *(lanxindo)*.—¡Auxilio!... Por caridade... denme... auxilio...

BREIXO.—¡O morto!... ¡Perdón! ¡Perdón!...

RAPETA.—¡O habanero!

XELO.—Estou ferido... Matáronme...

BREIXO *(fora de sí)*.—¡Fuxe!... ¡Fuxe, pantasma, fuxe!

XELO *(reconocéndoo)*.—Ti mesmo... Ti... ¡Asesino!...

(Da un paso pra entrar, mais RAPETA enquerquenándose, ponlle o mango do truel entre os pes e XELO enceréllase e cae fora.)

RAPETA *(rindo)*.—¡Esnafróuse! Agora vai de veras.

MADANELA *(drento)*.—Madre...

LUMIA *(atordoada)*.—Pecha.

RAPETA.—Non pode quedar así. Si recorda e fala...

LUMIA.—¡Pecha!

RAPETA *(pechando o foro)*.—Guindarémolo o mar.

MADANELA *(porta dereita)*.—¿Qué ruxir é éste?

LUMIA.—Non é nada, filliña.

MADANELA.—¿Cómo están todos ergueitos?

RAPETA.—Perdeuse un barco.

MADANELA.—Un barco... ¡Probiño!

RAPETA.—No Con do Demo.

MADANELA.—¿Afogou alguén? ¡Vaya pol-as Ánimas! ¿Era noso?

RAPETA.—Era de fora: o "Bohemia".

MADANELA *(alteirada)*.—¿O qué? ¿O "Bohemia"? ¿Dis o "Bohemia"?... ¡Virxe do Carme! ¿É Xelo?... Nel viña Xelo.

LUMIA.—¡Xelo!

MADANELA.—¿Qué vos espanta? ¿Por qué pavorides?... ¿Queizaves Xelo?...

LUMIA.—Non, non. Salvaron moitos.

MADANELA *(decidida)*.—Vou alá.

LUMIA *(conténdoa)*.—Pero filla...

MADANELA *(zafándose)*.—Sólteme, madre.

LUMIA *(poñéndose diante da porta)*.—Non saes.

MADANELA.—Quero sair. Arredre.

BREIXO *(meazando)*.—¡Nela!

MADANELA *(con brío)*.—¿Qué socede nesta casa? ¿Estades tolos?... Sayo sin dúbida.

LUMIA.—Mira, Madanela...

MADANELA.—¿Será verdade? Fai tempo que sospeito... Ese saco... *(mira impoñente o irmán, que engoumea a testa)*. Teño escoitado... ¿Qué escondedes detrás? ¡Desviese, madre!

(Arredra á LUMIA e franquea a porta, véndose á XELO tendido na soleira.)

LUMIA *(aparte)*.—¡Disgraciados!

MADANELA.—¡Asús!... ¡Un home! *(axiónllase pra ouservalo)*. ¡É Xelo!! *(ledísima, érguelle a cabeza)*. ¡Ay!, ben sabía que non me abandonabas... Que non deixarías perdida a tua Neliña... ¡Xeliño! ¡Xeliño!...

BREIXO *(acañado)*.—¡Era Xelo!...

MADANELA *(intranquil)*.—¡Ay María! sei que dorme... *(mirando a propia man)*. Pero ésto... é sangue... Sí; ¡sangue!... ¡Morto! *(estolecida)*. ¡¡Meu Xelo morto!!... *(De pé, tráxica, baixo do dintel)*. Madre, irmán... e tí, serpe penzoñenta... corvos do mar, urcos da ribeira... ¡Malditos! ¡Malditos seyades!

(Cadro. MADANELA no fondo; LUMIA, BREIXO e RAPETA abrayados. Cae o teón.)

Publicado en "Nós". Vol. IV, n.º 941. 15 outono 1931.

CANTOS E CONTOS DO POBO

CANCIOEIRO DA AGULLA

ENXERGADO CON DOAS DO POBO

ANACOS DO PRÓLOGO

Xastres e costureiras son tipos enteresantes da vida campesiña cotidián e enteresantísimos na artística e social. Amos representan a espiritualidade da campía, onde o fallo trunfan, digan o que queiran os cantares, eles pol-o inxeño; elas pol-a gracia.

Unhos e outras atiran a imaxinación do pobo que sobre eles se exercita de cotío, cuasi sempre en trouleo ou bulra. Hai noutros países, Alemaña, poño por caso, gran literatura folklórica en col de entramos oficios, do de xastre en especial. A visibre afroancia galega contrasta co-a probeza de outras rexós da Península. O *Cancioneiro popular portuguez,* pubricado por Braga (Lisboa, 1911; 2 tomos en 4.º) non contén cantares de esta cras. En Andalucía corren algunhos de xastres e menos de costureiras, o revés de aquí (LAFUENTE ALCÁNTARA, *Cancionero popular;* Madrid, 1865; 2 tomos en 8.º); agora que o esprito ven a ser o mesmo pois de unhos e de outras rexouban por alá tamén.

Esaminando o presente *Cancioeiro* hachamos que a primeira calidade que o peisán ve nas costureiras é a sua fermosura; de 64 cántigas, 20 chámanlles bonitas, señoritas, doadas, roxiñas, etc. Logo marca ben —demasiado ben sin dúbida— a sua facilidade en rescibir amoríos (14 cantares), de sere "amiguiñas dos mozos como as abellas da mel"; o seu vivir fidalgo (7 copras) e seus melindros e mixiriques (6). Tres ou catro cántigas as notan de folgazanas, en troques de unha que as gaba por traballar, duas de cantadoras e tres de festeiras, outra de mermurantes e unha soya de ladras.

Encol dos xastres aprendemos que a tacha mais destacada é a de ladrós (5 cántigas), logo as de viles e mozeiros (4 cantares por cada) despois as de cobardes (3 copras), larpeiros, folgazás, sabidos —con 2 cantares por cada nota— e un pra os de froxos, arteiros, faladores e sarnosos.

Comparando agora unhas e outras castes de copras, vemos como, o revés de outros países, abundan muito mais as cántigas de costureiras (64×101) quizaves por sere compostas por elas mesmas.

Según é de supoñer, xastres e costureiras acaen en bastantes calidades, no sentir do *Cancioeiro:* amos valen pouco, amos son folgazás, froxos, lareteiros, sabidos e demasiado penzos os amoríos.

Outro enterés mui grande teñen estes tipos: o de difusores do pensamento popular. O seu oficio, que permete falar no traballo, dálles tergo e

relanzo pra escoitar e contar adumia e como andan de casa en casa, veñen a sere importantísimos conservadores e trasmisores da literatura folklórica. Por eso saben sempre moitos contos, lendas, refráns, cántigas, adiviñas e tradiciós, sendo de vellos mui estimados pra distraer as noites de invernía.

Con todo, en razón dos seus mesmos oficios que son caseiros e non piden esforzo, por vivire desviados do trafego da eira e do eiro, pol-o ben que se lles dá a folganza; pol-a sua incrinación a aseñoritarse e pol-as mañas que empregan ou lles supoñen, son moralmente desdenados da peisanaxe, inda que recoñezan a comenencia de costureiras e alfayates. O certo é que, ou por mangas ou por faldras, toda esta ralea val mui pouco, según o *Cancioeiro:* nun real véndese xastre, costureira e trebellos de coser.

Muita semellanza de oficio e caráuter hai entre xastres e costureiras e muita mais lles asina o pobo en contos e cántigas; emporeso, costureiras e xastres non xinzan, —¡craro! ¿quén é teu nemigo? Adiante está un cantar que supoñe vintecinco xastres rapando unha costureira.

*
* *

O xastre resulta de muito interés pr-o labrego escitando a sua curiosidade e asi corren tantos contos deles, non pouco curiosos.

As bulras do alfayate fánse en muitos sitos: Bretaña, Gales, Escocia, Irlanda, todos paises de alcuña celta como Galicia. En Alemaña teñen tamén rica literatura popular xa na Edá Media. Prumas esgrevias escriben deles entre nós, tales que Lamas Carvajal, *Picadillo,* Rodríguez López, Vicente Risco e outros.

No folklore galego, o xastre aparece mariquileiro e medrán. Amostra sempre algo de femenino, según compre a sua labor de agullas e de tesoura. Son como medias entre home e muller, dándoselles, en xeneral, mui pouco aprecio.

Conoscín unha vella que o perguntarlle que era seu home, respondéume:

—Xastre, señor, con perdón de vostede.

O mesmo parés que se dí *(sauf votre respet)* na Bretaña.

Esta pouca estimanza do xastre ven decrarada no dito "sete xastres fan un home" que recollen os cantares, e ainda se engade que esto é así nos anos de pan barato, pois nos de pan caro "o xastre perde mais das duas terceiras partes do seu valor". Semellante cousa dáse na Bretaña solo que alí son *nove* os xastres precisos pr-o equilibrio.

A todo hai quen gane, hasta a refugallo. Con non seren homes os xastres pior serán os peneireiros: "ainda que fose xastre; pero peneireiro, ¡non!", dí unha malnamorada do *Cancioeiro.*

"Os xastres —escrebe Risco *(Nós,* núm. 29)— aparecen no folklore galego coma mui pillos e agudos, o mesmo nos ditos que nos feitos, dispostos sempre a faguer bulra da xente, a meterlle pegotas, a quedarse iles por riba pol-a forza do inxenio, mañosos e dispostos para todo. Xa que non teñen

forza pra turrar pol-a aixada, nin valentía pra lle faguer cara a un home, teñen, en troques discurso e agudeza, coma compensación, se cadra. Deles son as pilladas, as retesías, as copras picantes, etc."

Velaiquí unha superioridade moral que os campesiños non estiman, anque a teman, como non estiman, pero temen, as arteirías do volpe. O trunfo do inxeño sobre da forza, pol-o cal os xastres arellan a xente aproveitando na sua comenencia os intereses dos homes e a vanidade das mulleres.

Así aqueles alfayates que tallaron o manto al Rei no sustancioso conto de D. Xan Manuel *(Conde Lucanor,* ejem. 32); así o vice-xastre de que fala *Picadillo (Mi historia política,* 37) que lles tiña armada unha panterma as mozas —"¡ay que caray!"— c-o gallo dos xustillos.

As cántigas do pobo aldraxan os xastres podéndose tomar por remenescencia da Edade Media cando eran universalmente tidos en disprecio. Pensa Hersat de Villemarqué que deste xeito se amostra o desdén das razas guerreiras pol-o oficio mulleril e vida sedentaria dos xastres.

E tan mulleril, non somentes pol-a maneira de traballar sinón tamén pol-o mesmo traballo: os xastres de aldea fan vestidos de home e vestimentas de muller. Tal pasaba antronte en todas partes; os vellos libros de xastrería —todos mui raros— tran régulas e patróns pra cortar mantos, basquiñas, toucas e mais paxelos femeninos.

Das cras de alfayates fala o Cego de Ourens decindo:

"Non eran da caste do de Valiñas que cosía de valde e puña a maores as liñas, nin tampouco dos remendóns que andaban a secas botándolle unhas palas ôs calzós dos veciños; eran xastres de lembradía que o mesmo facían traxes de homes que de mulleres, e tan feitos e dereitos saían das suas mans unha chaqueta, un chaleque y-us calzós de rizo que unha muradana y-un dengue" (LAMAS CARVAJAL, *As mulleres de Calvelo;* Galicia Moderna, núm. 8).

E Rodríguez López así se esprica: *(A malla;* Gallegadas, 43).

"El é un xastre que en toda a redonda
ten moito traballo,
e que dín que as meniñas engaña
por arte do diaño.
Non hai outro que teña mais gracia,
nin mais avispado
pra ter sempre contos
que veñen o caso
nin que faga vestidos e dengues
mais riberetados."

Pol-o que toca a esto das rapazas habería moito que decir.

Estránanse os mozos dos trunfos dos alfayates. Eles soen sere desgalichados, probes caseiros, mariquitas, e con eso... Debe haber "arte do diaño". Non se decatan que a falta da brilante virilidade dos xastres está contrabalanceada pol-a pibela enlabiadora a que tan poucas mulleres resisten—Motivo de envexa pr-os nugallóns desafortunados que pensan que todo ha de ser a

paus—Empero, as nenas caen por engado e cando pasa, repúnanos a causa da mesma falla de masculinidade.

De outra parte, creo de min, que será como no muíño: mais o ruxir que a auga. Pol-o menos os xastres das cántigas, conténtanse con aproveitar as ocasiós que lles guinda seu oficio no aquel de tomar medidas pra dengues e muradanas.

A parte de estas cousas de sicoloxía sesual, as tachas mais craras dos xastres son tres: cobardes, larpeiros e ladrós.

De froxos andan abondo enzoufados. Nas mallas fan cativa figura; entre sete non chegan a un home, o dobre compoñen un testigo e vintecinco fan falla pra firmar un papel; témenlle a unha ran; fuxen de un rato e, como as costureiras, precisan xuntarse vintecinco pra faguer calquera cousa.

Larpeiros tamén figuran, anque arranxándose eles mesmos cunha tixola e sendo bos de contentar.

—¡Ay, comadre! —escoitei a unha vella— ¿e terá por ahí un pouco de sebo pra lle fritir un par de ovos ô xastre?

En canto a roubar, mais que ladrós serán enfomadores ou rateiros; rateiros do pano.

—¡Asús, qué demo de sono! —dice un xastre a sua muller, despreguizándose.

—¿E logo?

—Coidei que chegaba as portas do ceo e que San Pedro me amostraba unha grandísima bandeira de moitísimos cores, feita cos retallos de pano que levo agachados na miña vida.

—Xa ves. Hai sonos que son ensinos e compre deporcatarse.

Puxéronse a traballar nun mantelo de terciopelo, mais a tesoura do xastre —pol-o costume— tallaba de arrodeo, como quen mal ara.

—Relémbrate do sono, Xacobe —lle dixo sua dona.

—Cala, muller, que de esta cor non había ningún mendiño.

*
* *

Simpática figura a costureira aldeán, que na miña terra chaman "señoritas de media tiseira". Elas, na sinxeleza da campía, son a rayola de arte e de elegancia que ilumiña as carballeiras.

"Costureiras repinicadas, de esas que teñen moita fantasía de agulla, que conocen os novelos de fío negro pol-a fiaza e que saben enredar a madeixa n-o tocante a parolas de amores; de esas que se gaban de non turrar do sacho nin de luxarse na cociña cos potes; de esas señoriteiras con riberetes de sabidas, que por cortexos escollen os mellores mozos da alcaldía, que teñen a moita honra que as conezan nas festas pol-o dedal de prata que levan ci-

rimoniosamente na man". (LAMAS CARVAJAL, *As mulleres de Calvelo;* Galicia Moderna, núm. 8).

Mais traballar, tamén traballan no seu oficio. De sol a sol, por un real e a mantenza, que ven a ser de xanta unicamente, pois a parva fánna nas suas casas e pra cear úsase en muitos sitos darlles un ovo e un codelo que levan ô largare do traballo.

De mozas, arrayan os lugares e recrean as romeirías; de casadas, atenden o gabexo da casa e a crianza dos rapaces; de vellas, percuran pol-os netos e alegran cos seus cantos esbrugas e fiadas, axudando sempre c-o xornal mesquiño. Celmoso toque de gracia e fermosura no vivir campizán, a costureiriña cosendo â fiestra ou sentada no pendello a turrar pol-a agulla; levando xentil na cabeza a pequena máquina de beo —mercada a prazos— por carreiros e corredoiras, a mañán, madrugueira, no sol abrente, a serán, no sol ponte, en volta serodia que as veces... tarda os inquirios en chegar o sarego.

Certo que hai algunhas que traballan bravamente no labramio cando non hai costura; outras que non se recean de botar unha man as faenas mais rexas en casos de apuro; pero as mais son, cal amostran os cantares, mixiriqueiras, festeiras, aseñoritadas, condidiñas e namoradizas.

As mais son das que nin "sachan no campo nin mallan na eira", nin gustan de "lavar no río nin apañar toxiños secos" nin ir a herba nin c-o gando. Por favor van catar unha selliña de auga a fonte ou unha presiña de berzas ó orto. Teñen "mans de señora, mans fidalgueiras" e

boca de reina
corpo de dama,
comprell'a seda,
foxen da lama.

(ROSALÍA CASTRO, *Cantares gallegos,* V).

As mais devecen pol-as foliadas

y alí con aire
¡dar cada volta!,
os ollos baixos,
a perna solta.

Pol-o xeneral son, en efeuto, cumpridas beiladoras e por eso dí a que non quere escoitar consellos da santa:

Faláime solo
das muhiñeiras,
de aquelas voltas
revirandeiras.

Tolean pol-os mociños e por parolar con eles e por eles se deixan "roubar o dedal da faltriqueira". ¡E si fora eso solo!...

Pero fácile defensa teñen as suas fraquezas. Elas andan limpas, van xeitosas, están frescas, sin lixo de traballo bruto nin magoa dos intemperos:

"ven a chuvia e non me molla, ven o sol e non me queima". Como elas mesmas se fan e refán o seu gusto os vestidos, véñenlles axeitados, parescendo decote galanas e fermosas. Sobre esto non hai dúbida: a maoría dos cantares, chámanlles bonitas. Craro que non-o son sempre; pero tal figuran por comparación co-as labradoriñas que nin saben nin se poden traguer tan galaneiras por mor do traballo.

O igual das tecelanas, que tanto semellan, saben contos e cantares, moitas len e escriben correntío e con eso, e sere lerosas e mainas, conversan docemente, resultando a sua parola fina, variada e escolleita. ¿Qué ten de estrano que os mociños as axexen e as persigan? "A mazán coloradiña todos a queren comer". Eles, os homes, son os curpabres das suas caídas por que eles lles fan as beiras e arreo lles poñen ichós e visgos. O mesmo pasa co-as modistiñas da vila. Verdá que elas, folgadas e con lecer pra cavilar, andarán bastante vieiro, moneando gasalleiras; mais inda sin esto ¿qué non abranguerá a zeimería namorada peterreando a cotío nestas graciosas cacholiñas?

Por todo, as costureiras son envexadas das outras mozas. Véncennas en fidalguía, en xentileza, en alegancia e, por remate e consecuencia, fúrtanlles festexos e galanciños. De esta senreira dan crara mostra mais de vintecinco cantares do presente *Cancioeiro.*

Mais, é verdade. Xeneralmente as costureiras parescen "apertadas de cintura e largas de corazón". Como sempre: a civilidá escorrega á certos achanzamentos. Bastantes cántigas, de acentuado realismo, nos informan neste particular, algunhas hasta brutalmente.

*

* *

E calo porque; Dios nos aparte das linguas de xastres e costureiras!

"Nós", vol. IV, n.º 82, 10 outono 1930. (Omitimos as referencias á numeración das cantigas citadas).

CONTOS DE NADAL

COLLEITOS DO POBO E RELATADOS

I

A OVELLIÑA MORTA

Pois foi o caso que cando Noso Señor iba á nascere, as xustizas de Xerusalén dispoñeron que toda a xente fose apuntada no Auntamento — Quizaves tencionaban botarlles algún novo trabuco — E co-aquela, San Xosé colleo a Virxe, sua dona, e púxose ao camiño, anda, anda...

Apillándoos a noite despexados e famentos, percuraron onde se abrigare, tanto mais que a Virxe iba adiantada e estaba chegadiña.

Toparon unha casa ben condida, de parrumeira e moitos agregos, e San Xosé petou â porta.

—¡Pum, pum!...

—¿Quén chama?

—Unhos pobres camiñantes que buscan casa cuberta.

—Eiquí non se dá pousada, e menos a vagaceiros descoñecidos. ¡Largo, largo! —respondeu o dono, alumeando c'un candil.

—Señor, condóase de nós que aterecemos cubertiños de folerpas que non sei.

—¡Védelo vello galdrido onde ven co-a sua madama!

—Inda que sia ha corte dos bois, ou nun corruncho do pendello...

—¡Largo, largo! Se non iscades decontado, encírrovolo can.

Engoumeu San Xosé a cabeza e seguiron adiante. Mais como a Virxe non poidera consigo, asentouse no sarego de unha caseteira.

—¿Quén anda ahí? —deperguntou ela, que estaba fiando.

—Unha probe muller que non pode camiñar.

—¡Malpocadiña: casi é belida e quinceleira! Entrade, entrade que viredes entaleridos. Queimaremos unha carada de pitelos.

—Bénia vosté según merece, boa señora, que madécaras estamos cansos, xiados e esfamecidos.

—En verbo de eso non teño que vos dare. Nin pinga de caldo me sobrou da cea nin cousa con que o facere.

—Deus lla done arrecrecida. Pero ¿qué hay naquel cortelliño?

—Alí durme a *Perica,* meu señor: unha ovelliña merina, albeigada como a neve.

—Entón xa temos cea.

—¿Cómo dí?

—Que matarémol-a *Perica* e asarémol-a na lareira.

—¡Xerte demo!... ¡Cale, cale!... ¡Matal-a miña *Perica!*... ¡Xesús, María e Xosé!...

—Servidor, digo... Pois de fame non hemos de morrere, e déixeme que ben sei o que fago.

—Chada de min esventurada, e que asañados aleivosos acollín nesta carocha... ¡Ai miña *Periquiña* meiga, *Periquiña* branca!...

Asada e comesta a cordeira, sin ter conta dos laídos da velliña, dixo San Xosé:

—Garde esa pelica pra un folecho, enterre no orto eses osiños e deitarémonos, que xa son horas.

O abrente, cando a mesquiña caseteira que non pechara ollo lanxindo sin refolgo, ergueuse a abril-a porta... víu diante de sí, entremedias das verzas do orto, un rebaño de añagotos albeiros, buligando cal cerellos de escuma.

Cada óso dira o seu e todos eran barudos e anales.

Logo chegou o maordomo do veciño ricaz, que guipara o milagre pol-a fenestra, a dicir ao forasteiros:

—Meu amo vos manda á convidare, pregando que pasedes alá. Agora mesmo se matan unha cucha, un porco e dous cabirtos.

Pero nin-a Virxe nin San Xosé lle quixeron contestar siquera seguindo o seu vieiro cara á Belén, onde aquela mesma noite nasceu o Neno Deus, arrodeado de pallas, mais coroado de groria e maxestade.

II

QUEN MOITO FALA...

Vamos a ver, amiguiño ¿qué será pra adiviñar?

"Pucho encarnado,
espora de aceiro,
manto dourado
gran cabaleiro."

—¡Sábacho Xúcaras!... Non-o atino.

—Certo que vostede é un boi farfantudo: forza e pacencia, non se diga; pero asmo que debe sere algo babeco.

—¡Leria, leria!...

—Pois son eu, Capitán. ¿Non me ve? Mire a miña crista bermella e os maus bebeiras deporondos: velehí o esporón recio e circio como rella; recrese neste prumaxe brandido e nestas âs que dan xenio. E conta que na adiviña marra este rabo meu que visto de resol, alolea. Pois como cabaleiro... Boeno: que falen as galiñas.

—O que és tí un chupón escachado.

UNHA GALIÑA *(cacarexando)*

"Tanto poñer, poñer,
e andar descaaalza...
Tanto poñer, poñer,
e andar descaaalza..."

OUTRA *(contestándolle)*

"E a cas do zapateiro
non-a saaabías."

BOI.—Muy farfulleiras son as tuas donas.

GALO.—O fallo, mulleres.

BOI.—Pois sábel-o que che digo?

"Onde hai galo non canta galiña,
senón que o galo teña morriña."

GALO.—Compre deixarlles espelirse, maormente tendo no corral alguén mais latricante.

BOI.—¿Quén?

GALO.—Martiña; a cordeira nova que noso amo mercou onte. Esa si que parleta, decindo unhas carocas... ¡Deus nos ampare!

BOI.—Toda a sua cras é muy lareteira. Entón ¿qué dí?

GALO.—Miragres e todo. ¡Martiña! ¡Ouh Martiña!!...

OVELLA *(marmexando)*

"Moita festa hay en Belén
e tocan ferros e frautas,
iremos alá tamén
a lucil-as nosas gaitas.

Fálame muy baixo,
pétame pouquiño
pra que non desperte
o noso neniño..."

¿Qué queredes?

GALO.—Cóntalle logo ao señor Boi esas cousas que dis que viches.

OVELLA.—Foi certo anque sía un pasmo. Veredes. Estábamos no monte, durmindo porque era noite pecha. O pegoreiro xunta nós e os cas roldando, non viñesen os lobos. Cando cata que no ar reloce un resprandor dourado. ¿Qué vos parece?... Non habia lúa, non, aquela noite. Logo, entremedias do craror, aparouse un ánxel... ¡miña nai!... de estreliñas semellaba. E ouvimos tanguidos de música e olfateamos arrecender de caraveles... Quedeime estantía. Despois, unha voce manseliña, cal gorgoleo de fonte, decindo:

"Vade pastoriños
vade pra Belén
adoral-o Neno
e a Virxe tamén."

Tódol-os pastores reloucaron de ledicia e fóronse decontado, con ferreñas e pandeiros bailando e cantando:

"Fálame muy baixo,
pétame pouquiño
pra que non desperte
o noso neniño..."

BOI.—Esas son orgalladas e tres mais.
OVELLA.—Foi certo; foi certo. Que me coma o Xan se minto.
BOI.—¡Oites! ¿Qué é aquelo? Ollade por alá, por derriba do valado. ¿Quén son eses cabaleiros axexantes?
GALO *(cantando)*.—"¡Homes de caaapa naaaldeaaa!!...
POLO *(idem)*.—¿Queeen morreceráaa?...
PITO *(querendo cantar)*.—¡Probe de miiin!!..."
BOI.—Xa parece que liscan. Mais... ¡Presto, presto!... Fuxide vos tamén. Vexo o lobo cara eiquí.
TODOS *(abrayados)*.—¡O lobooo!!...
BOI.—Si, si ¡o lobo!... Peró ¿qué socede?... ¿Tresleo?... ¿Estou bébedo?... ¡O Xan deitado á par da Martiña!... ¡Asús, asús! Nunca tal se víu.
GALO.—Será algún feitizo. ¡Meigas fora, meigas fora!
BOI.—O demo anda ceibe. Ehí está tamén o volpe. Xan e Pedro en campaña. Non falta cousa.
TODOS "Arrapa, raposo,
na cima do toxo,
non mátel-a pita
da vella Marica
que vai na ribeira
buscal-a manteiga
e un pouco de mel
pra dar â muller..."

BOI.—¡Chute, chute! Tamén o volpe está de paz. Védeo estomballado no medio das galiñas.
GALO.—Quizaves será novo e inda non terá malicia.
BOI.—¿Novo en Nadal? Escoita:

"En Marzo, nazo;
en Abril, estou no cubil;
en Mayo, xa sayo;
en San Xan, fuxo do can;
en Agosto, xa son boo raposo."

GALO.—Entón ¿qué é esto?
BOI.—Un milagre. As feras amansadas; lobos e cordeiros mesturados; hirmáns os nemigos... ¡Milagre, milagre!
GALO.—Xa sei; a ovella tiña razón. *(Cantando)*

"¡Cristooo naaaceuuu!...
BOI ¿Ooondeeee?
OVELLA ¡Beléeen!... ¡Beléeen!!..."

Ouvido este nome, os soldados de Herodes que andaban azoroñando o sito do Nascemento, marcháronse muy ledos. E a Virxe, víndose descuberta, díxolle â ovella:

"Ovella eres,
ovella serás,
e anque te maten
xamáis berrarás."

Por eso desde entón as ovellas non chían nin a sere pegadas, nin feridas, nin comestas do lobo, nin mortas a cuitelo.

III

O REI MOURO

Asina que aqueles tres asiñalados Reises agarimaron e adouraron o Santo Neniño, disporon de se voltaren á suas terras, que onde non hay amo á gobernar todo anda á bourear.

E como eran compadres —pois os reises son mais raros que as peneiras e todos se coñecen por ser poucos— quixeron facel-o camiño de compaña. Xuntaron a troupelada de soldadería e criados; montáronse nos alifantes, ou camellos, ou o que fora —bestas podriqueiras non iban a sere, abofellas— e marcharon palicando dos seus choyos: de como pintaban as searas, do que acugulaban nas tullas, a que tanto tiñan de vendel-o millo das muitas rendas que arrecadaban, e ansí por este tal, según se estila antre xentes de semellante poderío.

—Estou cavilando —dixo Baltasare— que non debemos marchar sin darlle despedida á Herodes, cal lle pormetemos.

—¡Malia lera! saltou Melcior —non me verá no seu pazo, que ben lurpei a malina intención que presume.

—Conforme, meu amigo; mais con non decirlle onde queda o Neniño, él veráse bulrado e nós según nos compre.

—Son con Melcior —engadeu Gaspar— que ese home e mui arteiro e si non queres afogar, fuxe da y-auga.

Tal determinado, arrodearon por serras e por gándaras, pra non entrare en Xerusalén, escapando das veredas e durmindo nas suas tendas de campaña, fermosas que daba xenio.

Pero o Rey Mouro, como morador de terras quentes, iba tremando de friaxe, cos dedos cheos de gabuñós que non podía liar un pito. Certa noite, non aguantando mais, chamou nun mesón a pedir pousada.

¡Meus amigos!... Cando os mesoeiros viron tanta grandeza pol-as portas, dóulles un testabán que cuidaron finarse. O amo quedou aparvado e non facía sinón reverenzas coa pucha na man; a dona escacexaba de eiquí pra acolá aguillando nas criadas que estaban pámpanas; todos se degoraban e ninguén se entendía.

Aquelo era un rebumbio de tal xeito que o probe Rey somentes puido comer unhas sopas de allo argalladas por un dos seus paxes.

Calma o fin a pousada, o noso Rey descinguío o trabante, ou como se chame, que é unha cousa a modo de pano con que os tales coma él arrodean a cabeza, e dóuna a lavare, namentras se quentaba no escano.

Mais tampouco esto alcanzou facer a tergo, porque asina que a mesocira despareceu no corral onde estaba a pía, púxose a rebuldar berrando:

—¡Milagre, milagre!...

Alteiróuse outra vez a casa toda, e entremedias do balbordo, paresceu a dona turrando de un rapaz que ría e choraba a un tempo.

—¡Deul-o coroe, Don Rey Mouro —cramaba aquela muller—. Deul-o coroe de groria, que de ouro xa está!... Védeo eiquí o meu anganido, o meu tangaraño, o probe gafiño vaso de compasión. Non sei como lle tocou unha punta do lenzo, e no istante sandou do seu mal. No istante ergueuse nidio como frol de roseira, limpo como folla de caravel... ¡Deul-o coroe, Don Rei Mouro. Deul-o coroe!...

—¡Milagre, milagre! —rosmaron todos.

Entón o Rei, cheo de maxestade, falou deste xeito:

—Milagre, milagre, pero non por min. O axionllarme ontronte rentes do berce do Portal, ese pano fincou nos pés divinos. Unxido pol-a gracia do Santo Neno, nese pano aniña a saúde e dese pano arreitan todol-os bes. Groria a Deus nas auturas e na terra paz!

IV

A TEA DE ARAÑA

É de saberse agora como Herodes foi un gran xurafaz. Mandou degolar os inocentes, quero decir, todol-os meniños non chegados á dous anos, co pensamento de matar entre eles á Noso Señor, que daquela era naipelo.

Mais un ánxel aparouse pol-a noite á San Xosé aconsellándolle de se fuxir paseniño pra unha terra lontana que lle decían Axiuto, ou cousa tal; pois nesto de alende, fora de sabere que a Habana está no Pirul e Bos Aires no Brasil, non son muy imposto.

Asina o fixeron. San Xosé aparellou o seu burriño e sentou nel a Virxe María. A Virxe apreixou o Neno Xesús contra o colo e botáronse á camiñar sin mais alforxas nin mais garambernias, que inda que haxa muita maldade pol-o mundo, non faltan tampouco almas de ben. E andiveron, andiveron... Boeno ¡os inquirios!

No primeiro camiñaban somente pol-as noites, acochándose pol-o día entre as louzas e entre as xestas, temerosos de sere perseguidos. San Xosé tiña conta de pendurar unha pedra no rabo do burro pra que non os descubrise, pois sei que deste xeito os burros non ornean. Tamén maxinou desferral-o e chantarlle as ferraduras do rivés.

Ansí chegaron ao deserto; e desque entraron nel camiñaban á cotío, porque alí non podía habere quen os axexase. Que o deserto din que é unha

terra tristeira sin percudio nin verdura, onde non se atopa xente nin lugares: unha campa largacía, erma e areosa, sin lindeiros, coma o mar.

Con todo e con eso, cando nosos amigos marchaban mais tranquilos, velehí un tropel de civis ou soldados de acabalo que diron sobre deles, berrándolles:

—¡Presos, presos!... ¡Xa caestes!!...

San Xosé quedou atordoado e â Virxe entroulle un pasamento, tremando pol-o seu Filliño. Mais éste, inda que fose tan cativo, púxose a fitar pra un burato mourento que no pé de unha gran pena se facía. E como aqueles demos berradores viñan alancando, todos tres —ou catro que non se debe esquencel-o burriño— todos se chimparon drento sin cuidare que fose cubil de fera, lobo de raposa, paleira de serpe ou algo de eso.

Non-o era sinón unha gran cova de muito vao, pero co-a boca tan entretellida de teas de araña e estas tan enfluxadas de rela e de puvixa e de vermes e de moscas, que Nosa Señora receaba entrar e seu home tivo que guindar co cayado aqueles noxentos ordenos. Santiguáronse e pasaron, perfundíndose nas entranas da terra, caladiños coma difuntos.

E ansí que pasaron, ehí chegan os perseguidores boureando e destocando como degorrios.

—Yo vos digo que soilo eiquí se poideron escondere —decía un.

—Pos yo vos digo que eiquí non se ven —respondía outro.

—Logo, temos de arrexistrar la cova —rosmou o capitán.

—Sei que sodes parvos —repricou un terceiro—. En calquera sitio poden estar menos eiquí. ¿Non vedes esas teas de araña cobrindo de enriba a abaixo todo o oco? ¿Cómo iban á pasare sin rachalas?

—Tes razón, abofé. Boeno; adiante, non se fuxan.

E alongáronse esborrecando de carraxe.

O Neno Xesús sorría e as arañas beilaban diante del. Tan axiña como os santos perxecutos se entoñaron, elas volveron á tecel-as teas esgazadas por San Xosé e nun amén os animaliños recobriron de novo toda a entrada.

Con que agora non me perguntedes pra que sirven as arañas. Pol-o menos unha vez serviron pra defender a Noso Señor dos seus enemigos.

"Lar". Coruña, n.º 38. Nadal 1927.

TRES PORQUÉS SABIDOS DO POBO

I

PORQUÉ SAN PEDRO FOI CALVO

Cando Dios e San Pedro andaban pol-o mundo houbo caso que tiveron fame.

—Pedro —dixo Noso Siñoriño— vés alí canto fumega aquel tellado; chégate alá que estarán cocendo e prégalles algo por amor de Deus.

Foi San Pedro e déronlle unha bola pateliña, quente que pelaba; mais co-a cobiza da fame, agachóuna debaixo da pucha, voltando maus valdeiras.

Calou Noso Señor e seguiron seu camiño paso a paso, San Pedro degorábase por peliscar na boliña; pero cada que o percuraba as furtadelas, falláballe o Señor de calquer cousa:

—Pedro, cata unha paleira de cobra.

—Pedro, non sei se aquel melro será melra.

—Pedro, mira que milliño tan serodio.

—Pedro, estes carballos ¿son de pola ou son de landra?

—¡Son de Xuncras que me leve! —estoupou o Apóstolo—. Tome,

ehí vay a bola, que queima que esfola,
que me leva o curuto aburado,
¡e o degonio que cargue co-a bola!...

Noso Señor botóuse a rir dicindo:

—Pois agora come canto queiras e mírate no primeiro regato que atopes.

Así o fixo San Pedro e... tiña toda a cachola pelada.

II

PORQUÉ A LÚA ESTÁ MARXADA

Cando Dios e San Pedro andaban pol-o mundo sei que lles escureceu n-unha senra. Como a noite viña nubra non se vía miga, inda que houbese luar, e San Pedro dou tal cotenada que quasi racha a dida dun pé. Layando, destocóuse:

—¡Válame San Pe..., digo; válame San Xoan! Esa lúa non alumea...

E encarándose ô ceo dixo deste xeito:

Vaite lúa, faite sol
e escrarece este arredor.

No punto, unha albeira craridade delurou sobre da terra. Noso Señoriño que iba diante, ollou no Apóstolo por derriba do lombo decindolle muy mansiño:

—Pero home, sei que eres parvo ¿non ves que estoncias non habería noite?

E collendo unha presa de xabre guindóullo a lúa. Noso Señoriño afitaba; o xabre dou de cheo e a lúa quedóuse esmorecida e escarapolada.

III

PORQUÉ O PAN DE MILLO NON ESPILE

Cando Dios e San Pedro andaban pol-o mundo díronlles pousada na casa de un marulán.

A dona, muller mui xerpa, recibíunos recachando o fociño.

—Vostedes ¿non serán de xosticia, non? Nin deses que chaman desvestirigadores...

—Señora —atallou San Pedro— somos dous probiños camiñantes que imos pol-a vida, este a percura de unha crus y-eu na de un galo.

Reparóunos a muller con desconfío e como tiña o forno roxo comenzóu a enfornar petadas que daban xenio. O apóstolo relambíase, porque era algo lampantín, e o marulán dixo a sua dona:

—Muller, fáilles unha bica a estes probes, que están alampando.

—Será das raspas de aquela maseira, e conta que son de pan trigo.

Rosma que rosma, fixo un boliño coma un ovo e deixóuno no remoado. Despois pechou o forno coa trapela rezando o Padre nuestro, e acabado, Noso Señoriño ergueo a man dreita, marmulando:

Millo eres, millo serás,
por mais que te amasen
non espilirás.

Logo que a fornada estivo coita, o boliño medrara hastra volverse fogaza e os pans de millo restaron no seu ser, que dend'aquela nunca mais o millo espeleu.

"Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza". "Nós", vol. III, n.º 67, 25 xullo 1929.

BIBLIOGRAFÍA DO DR. COTARELO VALLEDOR

LIBROS E FOLLETOS

1. *Biografía del Dr. D. Francisco Codera y Zaidía.* Madrid, Marqués, 1898; 4.º
2. *La Exposición Rosales.* Madrid, Perales, 1902; 8.º
3. *Una cantiga célebre del Rey Sabio. Fuentes y desarrollo de la leyenda de Sor Beatriz, principalmente en la Literatura española.* Madrid, marzo, 1904; 8.º
4. *Programa de Lengua y Literatura españolas.* Santiago, Tipografía Galaica, 1904; 4.º
5. *Fray Diego de Deza.* Ensayo biográfico. Obra premiada por el señor Obispo de Zamora. Madrid, Perales, 1905; 8.º
6. *La belleza femenina en las obras de Cervantes.* Santiago, "El Eco", 1905; 8.º
7. *Programa de Lengua y Literatura españolas* (segunda edición reformada). Santiago, Tipografía Galaica, 1906; 8.º
8. *La leyenda de doña Estefanía la Desdichada en la Historia y en la Literatura.* Santiago, "El Eco", 1907; 4.º
9. *Don Melendo García de Valdés. XX Obispo de Osma.* Santiago, "El Eco", 1907; 8.º
10. *El Centenario.* Revista para conmemorar el de la Guerra de la Independencia. Santiago, "El Eco", 1908; 4.º
11. *Sor María de San Antonio.* Santiago, Balado, 1910; 4.º
12. *Introducción al estudio de la Literatura española.* Santiago, Tipografía Galaica, 1911; 4.º menor.
13. *El Teatro de Cervantes.* Obra laureada con el premio Berwik y Alba por voto unánime de la Real Academia Española. Madrid, Tipografía de Archivos, 1915; 4.º mayor.
14. *Montero Ríos y la Universidad de Santiago.* Santiago, Tipografía Comercial, 1916; 8.º
15. *Programa de Lengua y Literatura españolas* (tercera edición reformada). Santiago, Tipografía Galaica, 1916; 8.º
16. *Los cristianos españoles ante la invasión musulmana.* Santiago, "El Eco Franciscano", 1919; 8.º
17. *Ultreya.* Revista quincenal de cultura galaica. Santiago, "El Eco Franciscano", 1919-1920; 4.º
18. *Memorias de un escolar de antaño.* I. Palladis Tyrones. Novela histórica gallega. Santiago, "El Eco Franciscano", 1919; 8.º
19. *Argonautas gallegos* (1519-1522). Santiago, "El Eco Franciscano", 1920; 8.º
20. *Memorias de un escolar de antaño.* II. La enseña radía. Novela histórica gallega. Santiago, "El Eco Franciscano", 1921; 8.º
21. *Límite septentrional de la conquista sarracena en España.* Santiago, "El Eco Franciscano", 1921; 8.º
22. *Trebón.* Farsada dramática en tres actos (estreada con grande éisito no teatro Principal de Santiago o 2 de mayo de 1922). Santiago, "El Eco Franciscano", 1922; 8.º

23. *Matrimonios de Ramiro I de Asturias.* Madrid, Jiménez y Molina, 1922; 4.º
24. *Sinxebra.* Comedia bilingüe en dos actos (estrenada con gran éxito en el teatro Principal de Santiago el 10 de marzo de 1923). Santiago, "El Eco", 1923; 8.º
25. *Efemérides compostelanas.* La chispa mágica. Santiago, "El Eco", 1923; 8.º
26. *Trebón.* Farsada dramática en tres autos (segunda edición). El Ferrol, "Céltiga", 1923; 8.º
27. *El Pazo.* Novela gallega. Santiago, "El Eco", 1923; 8.º
28. *Lubicán.* Conto dramático de lobos e de amores (estreado con gran éisito no teatro Principal de Santiago o 15 de abril de 1924). Santiago, "El Eco", 1924; 8.º
29. *Catálogo de la Exposición de Arte gallego.* Santiago, "El Eco", 1926; 8.º
30. *Hostia.* Pantasía tráxico-histórica nun auto. A Cruña, "Lar", 1926; 8.º
31. *Un incunable compostelano.* La Coruña, Roel, 1927; 4.º
32. *Contos de Nadal, colleitos do pobo.* A Cruña, "Lar", 1927; 8.º
33. *El castellano en Galicia.* Madrid, Tipografía de Archivos, 1927; 4.º
34. *Programa de Teoría de la Literatura y de las Artes.* Santiago, "El Eco", 1927; 8.º
35. *Blasón galaico.* Contribución al estudio de la heráldica gallega. La Coruña, Roel, 1928; 4.º
36. *Ruinas.* Novela de Rosalía de Castro de Murguía (publicada con un prólogo). La Coruña, Moret, 1928; 8.º
37. *Payo Gómez Chariño, almirante y poeta* (discurso de recepción en la Real Academia Española). Madrid, Tipografía de Archivos, 1929; 4.º
38. *Cancionero de Payo Gómez Chariño.* Madrid, Tipografía de Archivos, 1931; 4.º
39. *Beiramar.* Drama en tres autos (estreado con grande éisito no teatro Tamberlik de Vigo o 3 de agosto de 1931). A Cruña, "Nós", 1931; 8.º
40. *Cancioeiro da agulla, enxergado con doas de pobo.* A Cruña, "Nós", 1931; 8.º
41. *Mourenza.* Lance dramático nun auto (estrenado en el teatro Beatriz de Madrid el 9 de abril de 1932). Santiago, "Nós", 1931; 8.º
42. *El Convento de Cambados.* Noticias históricas. Vich, Ed. Seráfica, 1932; 4.º
43. *Encol do nome de Martín Codax.* Santiago, "Nós", 1933; 8.º
44. *Lembranza biográfica de don Mateo Segade Bugueiro, Arcebispo de México,* Bispo de Cartaxena. Santiago, "Nós", 1933; 4.º mayor.
45. *Los hermanos Eans Mariño, poetas gallegos del siglo XIII.* Madrid, Tipografía de Archivos, 1933; 4.º
46. *Alfonso III el Magno, último rey de Asturias.* Obra premiada por la Real Academia de la Historia. Madrid, Suárez, 1933; 4.º
47. *El Eco de un regicidio.* Madrid, Gráfica Universal, 1934; 4.º
48. *Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta* (siglo XIII). Madrid, Suárez, 1934; 8.º
49. *El Palacio de Altamira, en Compostela.* Madrid, Gráfica Universal, 1934; 4.º
50. *El tratado de los cometas del Padre Casani.* Madrid, Bermejo, 1935; 4.º
51. *El P. José Zaragoza y la Astronomía de su tiempo.* Madrid, Gráfica Universal, 1935; 4.º
52. *Matilde Díez en Compostela.* Madrid, Gráfica Universal, 1935; 4.º
53. *La figura legendaria de don Blas de Lezo.* Burgos, Aldecoa, 1941; 4.º
54. *Rey Chiquito o los rojos de antaño en Compostela.* Madrid, 1941; 4.º
55. *El uniforme académico.* Madrid, Fénix, 1941; 8.º
56. *Filólogos gallegos: Rodríguez Gil.* Madrid, Gráfica Universal, 1943; 4.º

57. *Real de Esteiro.* Poema naval del Cura de Fruime. Madrid, Excelicer, 1942; 4.º
58. *El misterio de la estrella: un español lo esclarece.* Madrid, Aguirre, 1943; 4.º
59. *Hombres de antaño: Suárez Freire.* Madrid, Gráfica Universal, 1943; 4.º
60. *Cervantes, lector.* Madrid, Yagües, 1943; 4.º
61. *Semblanza de Marco Fabio Quintiliano.* Madrid, Magisterio Español, 1944; 4.º
62. *Las Jornadas del Cardenal. Discurso de ingreso en la Real Academia de la Historia.* Madrid, Magisterio Español, 1944; 4.º
63. *El Teatro de Quevedo.* Madrid, Aguirre, 1945; 4.º
64. *Un académico modelo. Don Martín Fernández de Navarrete en la Real Academia Española.* Madrid, Magisterio Español, 1945; 4.º
65. *El Cardenal don Rodrigo de Castro y su fundación en Monforte de Lemos.* Madrid, Magisterio Español, 1945; dos tomos en 4.º
66. *La Nebulosa de Andrómeda y el Rey Sabio.* Madrid, Aguirre, 1946; 4.º
67. *Bosquejo histórico de la Real Academia Española.* Madrid, Magisterio Español, 1946; 4.º
68. *Nebrija, científico.* Madrid, Magisterio Español, 1947; 4.º
69. *La Dulcinea de Cervantes.* Madrid, Magisterio Español, 1947; 4.º
70. *Altas y bajas del Instituto de España* (1943-1947). Madrid, Gráficas Lumondy, 1947; 4.º
71. *Obras perdidas de Cervantes que no se han perdido.* Madrid, Gráficas Lumondy, 1947; 4.º
72. *Padrón literario de Miguel de Cervantes Saavedra.* Madrid, Magisterio Español, 1948; 4.º
73. *El Quijote Académico.* Madrid, Magisterio Español, 1948; 4.º
74. *El Seminario de Educación de la Vega de Ribadeo, hoy Vegadeo.* Magisterio Español, 1950; 8.º

REXISTRO

Páxs.

PRÓLOGO 7

LOOR DA LINGUA GALEGA 29

A PROSA ERUDITA 33

A POESÍA 39

O TEATRO 45

CANTOS E CONTOS DO POBO 55

CONTOS DO NADAL 63

BIBLIOGRAFÍA DO DR. COTARELO VALLEDOR 75

Esta edición
saíu do prelo
de "Artes Gráficas Galicia, S. A.",
Segovia, 15, Vigo,
o 17 de maio de 1984,
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

REAL ACADEMIA GALLEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

REA
A
3
Bi

IL AC
GALE
COR
351
bliot